

A NARRATIVA ACTUAL.

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. Introducción.
2. A Nova Narrativa Galega.
 - 2.1. Autores e obras.
 - 2.2. Características temáticas.
 - 2.3. Características formais.
 - 2.4. Evolución literaria.
 - 2.5. Influencias.
3. A narrativa de Xosé Luís Méndez Ferrín.
4. A narrativa de Xosé Neira Vilas.
5. A narrativa de Carlos Casares.
6. A novela galega despois de 1975.
 - 6.1. A novela posfranquista.
 - Xosé Fernández Ferreiro.
 - Paco Martín.
7. A novela nos anos oitenta:
 - 7.1 A promoción dos premios:
 - Víctor Freixanes.
 - Xavier Alcalá.
 - Úrsula Heinze.
 - Alfredo Conde.
 - Xosé Manuel Martínez Oca.
 - 7.2. Segunda metade dos oitenta
 - Carlos González Reigosa.
 - Novela feminista: M^a Xosé Queizán, Margarita Ledo.
 - Suso De Toro.
8. A novela na década dos noventa.
 - 8.2. A novela negra.
 - 8.3. Ficción futurista.
 - 8.4. Novela rosa e erótica.
 - 8.5. Novela de terror e fantástica.
 - 8.6. A novela histórica.
 - 8.7. O cunqueirismo.
 - 8.8. A épica contemporánea.
 - Manuel Rivas.
 - 8.9. Narrativa fragmentaria.
 - Xelís De Toro.
 - Xurxo Borrazás.
 - Xavier Queipo.
 - 8.10. A narrativa *bravú*.
9. Modelo de comentario: “LUCINDA” de *Xente no rodicio* de Xosé Neira Vilas

1. INTRODUCCIÓN

Na narrativa galega de posguerra pódense apreciar catro tendencias:

- A continuación da obra dos homes da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos, con obras como *O señorito de Reboraina* de Otero Pedrayo e *Xente da Barreira* de Ricardo Carvalho Calero.
- Obras que narran explicitamente a Guerra Civil en Galicia, de autores como Silvio Santiago, Ramón Valenzuela, Antón Alonso Ríos... (ver unidade 2)
- Fabulación de raíz oral popular, é o caso de Ánxel Fole ou *Contos do Miño* de Eliseo Alonso. (ver unidade 2)
- A narrativa de evasión con Álvaro Cunqueiro e o seu *Merlín e familia* á fronte.

Estas catro liñas narrativas converxen a finais dos anos cincuenta na aparición de dous fenómenos importantes:

1. A narrativa de Eduardo Blanco Amor: *A esmorga*, *Os biosbardos*, *Xente ao lonxe*.
2. A Nova Narrativa Galega.

2. A NOVA NARRATIVA GALEGA:

Chámase Nova Narrativa Galega a un conxunto de autores e textos publicados entre 1954 e 1980. Non todas as obras aparecidas nestes anos están dentro da chamada Nova Narrativa Galega. Danse nun grupo de obras e autores unha serie de características estéticas e unha concepción da literatura que permiten agrupalos nunha Escola Literaria, que supón un dos fitos máis importantes dentro da tradición literaria galega moderna. Cómpre advertir, tamén, que non todos os textos escritos polos autores adscritos a este movemento se poden encadrar dentro desta Escola.

Entre os estudosos do tema existen discrepancias¹ á hora de sinalar que obras pertencerían ao movemento, para Manuel Forcadela² inclúense nel un total de 17 obras escritas por 9 autores e publicadas nun período de 26 anos:



Mª Xosé Queizán

¹ Para Salinas Portugal a obra que inicia o movemento sería *Memoria de Tains* de Gonzalo R. Mourullo, para este autor *Elipses e outras sombras* (1974) de Ferrín, cerra o movemento. María Camino Noia considera que *Elipses e outras sombras* de Ferrín e mais *Adiós, María* de Xohana Torres non se deben incluír dentro da NNG. Benito Varela Jácome inclúe *Vixiando* de Xesús Manuel Coruxo, *O paseo* de Xoán Xulio Alfaia, *Seis personaxes e un fado* de Xavier Alcalá, *Ascalexas do cigurath* de Xavier Carro. Manuel Forcadela inclúe *Cara a Times Square* (1980) de González-Llanos,...etc, etc.

² *Manual e escolma da Nova Narrativa Galega*. Sotelo blanco. Santiago de Compostela. 1993.

2.1. AUTORES E OBRAS

AUTOR	TÍTULO	ANO DE PUBLICACIÓN
Gonzalo Rodríguez Mourullo	<i>Nasce unha árbore</i>	1954
	<i>Memorias de Tains</i>	1956
Xosé Luís Méndez Ferrín	<i>Percival e outras historias</i>	1958
	<i>O crepúsculo e as formigas</i>	1961
	<i>Arrabaldo do norte</i>	1964
	<i>Retorno a Tagen Ata</i>	1971
	<i>Elípses e outras sombras</i>	1974
Camilo González Suárez-Llanos	<i>Lonxe de nós e dentro</i>	1961
	<i>Como calquera outro día</i>	1962
	<i>Cara a Times Square</i>	1980
María xosé Queizán	<i>A orella no buraco</i>	1965
Xohana Torres	<i>Adiós, María</i>	1971
Carlos Casares	<i>Vento ferido</i>	1967
	<i>Cambio en tres</i>	1969
Vicente Vázquez Diéguez	<i>As ponlas baixas</i>	1968
Lois Diéguez	<i>A torre de Babel</i>	1968
Xohán Casal	<i>O camiño de abaixo</i>	1970



Nasce unha árbore e *Cara a Times Square* marcan o inicio e a fin dun proceso que historicamente coincide, no remate, co final do franquismo e, no comezo, coa aparición en Galicia dunha xeración que sería quen de formar as primeiras estruturas políticas estables de oposición ao réxime (UPG, PSG...), que se fan eco dun sentimento noxento producido por unha sociedade empobrecida tanto no cultural coma no político-social.



Neste modelo de escritor, marcadamente xeracional, destaca como primeira característica común a súa formación universitaria, fillos de clases medias, pertencentes ao máis escolleito da mocidade da súa época. Para alén de escribir, estes homes e mulleres viaxarán, coñecerán o entorno cultural europeo e americano, lerán noutras linguas, artellarán as súas protestas creando organizacións políticas, algúns deles coñecerán a prisión, a tortura, a policía social franquista, rexeitarán o modelo herdado do galeguismo interior da posguerra, encarnado na figura de Ramón Piñeiro, serán marxistas, feministas, solitarios e derrotados.

María Camino Noia Campos³ e outros estudosos sinalan algúns trazos comúns nas obras encadradas dentro da chamada Nova Narrativa Galega que resumimos:

2.2. CARACTERÍSTICAS TEMÁTICAS:

- Reflexo da sociedade alienante e insegura da ditadura franquista, a través do desequilibrio e illamento que caracteriza os seus personaxes. Consecuencia disto, os autores e autoras da Nova Narrativa Galega amosan, nas súas obras unha certa tendencia ao anti-sentimentalismo.
- Valéndose das manifestacións do subconsciente, transmiten unha visión desacougante da realidade.
- Predomina a ambientación urbana nunha fuxida consciente do “ruralismo”. Hai unha recorrente apelación a mundos absurdos, irracionais, fantasmagóricos.
- Estas obras échense de contidos filosóficos e simbólicos

³

A Nova Narrativa Galega, Galaxia, Vigo, 1992.

- (existencialismo, marxismo), ábrese a toda a complexidade do ser humano (influencia da psicanálise e do condutismo)... o que fai difícil a súa lectura, pois requiren dun lector activo e con certas competencias.
- O sexo e a morte son ideas recorrentes nestas obras. O sexo aparece tratado sen tabús mais coa contención suficiente para non caer no arrebatado erótico. Abandónase o falso pudor da literatura precedente (exceptuando a descarnada ternura con que se manifestan os personaxes d' *A Esmorga* de Blanco Amor) asumindo con naturalidade a sexualidade, coma un elemento máis do relato
 - A violencia da sociedade na que viven e a miseria moral na que se asolagan as súas xentes, consumidas pola traxedia de teren que prescindir durante décadas de toda esperanza de liberdade.
 - Fusión dos mundos real e fantástico ou sobrenatural, confundindo a realidade vivida polo protagonista coa ficción que el mesmo crea.
 - Para M^a Xosé Queizán⁴, unha das autoras da Nova Narrativa Galega, o movemento constitúe un intento de “elaborar a novela sen tema, sen andadura lóxica, sen búsqueda. Non hai heroe nin historia, nin anécdota”.

2.3. CARACTERÍSTICAS FORMAIS:

Punto de vista: desaparece o narrador omnisciente, propio da novela clásica, que situaba o lector nunha actitude pasiva perante o relato. Todo era descrito, explicado, interpretado desde a perspectiva todopoderosa do narrador. Na novela contemporánea a perspectiva pode ser a dun personaxe ou a de varios, mesmo que estas sexan contraditorias, aparece a narración en primeira persoa. O narrador pode limitarse a contar simplemente o que observa ou, no outro extremo, ofrecer o discurso íntimo das cavilacións dos personaxes.

Personaxes: sempre conflictivos, desarraigados, solitarios, predominio do anti-heroe. Poden aparecer, nalgúns obras, cousificados, tratados como obxectos, desprovistos de toda humanidade e sentimentos. Danse poucos datos externos sobre os personaxes mais, pola contra, en moitas ocasións o lector vese mergullado nas reviravoltas do subconsciente deles. O protagonista prototipo é, segundo M^a Xosé Queizán, “un home que non sabe onde está, nun mundo que non entende, nun proceso que o sobrepasa”

Monólogo interior: técnica narrativa practicada por escritores como o irlandés James Joyce e moi utilizada nas obras da Nova Narrativa Galega. Permite presentar os contidos psíquicos tal e como flúen na conciencia do individuo antes de seren pronunciados e, por tanto, sen unha orde lóxica.

O tempo: fronte a unha temporalidade lineal, cronolóxica, preferida na novela do XIX, a narrativa contemporánea reduce o tempo da historia que amplifica no discurso (pausas, descrições...), rexeita a orde cronolóxica e desordena o decorrer temporal coa introdución de analepses e prolepses ou dá entrada a un tempo psicolóxico onde a orde e a duración xa non teñen ningún sentido.

O espazo: vai ser puramente verbal en moitos casos. Mesmo que as localizacións espaciais teñan un referente real e se nomee na obra (Londres, Nova York...) o autor manipulará as descrições e todo o procedemento

4

“A Nova Narrativa ou a loita contra o sentimentalismo” en *Grial*, nº 63, xaneiro-marzo 1979.

narrativo para crear un ambiente ilusorio, unha localización imprecisa ou irreal, froito só da súa imaxinación. Porén, podéanse encontrar tamén relatos nos que se aprecia unha clara vontade, marcadamente comprometida co país, de implicar e explicar a realidade galega a través de localizacións espaciais reais.

Ambientación urbana: por unha banda dá conta da nova realidade: a crecente puxanza industrial, o desenvolvemento das cidades, o abandono do campo..., que se dá na Galicia dos sesenta. A nova organización social dará lugar á construción dun pensamento político propio mudando a concepción tradicional do nacionalismo que dará lugar a que se incremente notablemente a presenza na literatura de referencias simbólicas e alegóricas de carácter marcadamente político (Xosé Luís Méndez Ferrín). E por outra banda, máis unha vez, é unha fuxida do ruralismo e do sentimentalismo literario anterior nun intento de universalización da nosa literatura.

2.4. EVOLUCIÓN LITERARIA:

Adoitáanse diferenciar períodos ou fases na evolución literaria deste grupo de autores e obras. Imos expoñer aquí a que propón Manuel Forcadela xa que foi a súa escolla de autores e obras a que propuxemos máis arriba:

	Características	Obras
1. Fase de formación	<ul style="list-style-type: none"> - Influencias de Kafka e do existencialismo. - Ruptura temática coa literatura anterior. - Simbolismo - Subxectivismo. - Alternancia de espazos idílicos e sórdidos. - Alternancia entre a omnisciencia e a renuncia a ela. - Mantemento do esquema clásico (presentación-nó-desenlace). - Inversión dos tempos lineais da historia. - Hipérbole da linguaxe descritiva. - Diálogos enigmáticos. - Presenza temática da violencia, sexo, alcohol, suicidio... - Itinerancia dos personaxes. Etc. 	<p><i>Nasce unha ábore</i>, G. R. Mourullo</p> <p><i>Memorias de Tains</i>, G. R. Mourullo</p> <p><i>Percival e outras historias</i>, X. L. M. Ferrín</p> <p><i>O crepúsculo e as formiga</i>, X. L. M. Ferrín</p> <p><i>Lonxe de nós e dentro</i>, C. G. Suárez-Llanos</p> <p><i>Como calquera outro día</i>, Suárez-Llanos</p> <p><i>As ponlas baixas</i>, V. V. Diéguez</p> <p><i>O camiño de abaixo</i>, Xohán Casal</p>
2. Fase de auxe.	<ul style="list-style-type: none"> - Experimentalismo enunciativo, con influencia do obxectalismo francés (<i>nouveau roman</i>) - Suspensión do relato, incógnita sobre a focalización. - A figura humana concibida como obxecto. - Enumeración esquemática. - Renuncia á omnisciencia. - Espiral descritiva arredor dun mesmo obxecto - Mantemento dos temas da violencia, primitivismo, bebedeiras... - Protagonismo de seres marxinais, malditos e derrotados. Etc. 	<p><i>Arrabaldo do norte</i>, X. L. M. Ferrín</p> <p><i>A orella no buraco</i>, M. X. Queizán</p> <p><i>Adiós, María</i>, X. Torres.</p> <p><i>Vento ferido</i>, C. Casares.</p> <p><i>Cambio en tres</i>, C. Casares.</p> <p><i>A torre de Babel</i>, L. Diéguez.</p>
3. Fase de liquidación	<ul style="list-style-type: none"> -Influxe do marxismo. - Plasmación no texto da conciencia política do escritor. - O existencialismo cede o posto á construción de alegorías nacionais. - Conexión entre escrita de imaxinación e de compromiso político. Etc. 	<p><i>Retorno aTagen Ata</i>, X. L. M. Ferrín</p> <p><i>Elípses e outras sombras</i>, Ferrín</p> <p><i>Cara a Times Square</i>, Suárez-Llanos</p>

2.5. INFLUENCIAS:

A chamada Nova Narrativa Galega supón a asimilación consciente e a incorporación dunha serie de técnicas, temas e procesos fondamente renovadores utilizados na narrativa universal do século XX. Proust introducira a descrición minuciosa dos estados de ánimo do personaxe; James Joycen utilizara maxistralmente a técnica do monólogo interior; Kafka mostra un mundo no que non existía fronteira clara entre o real e o soñado; o *nouveau roman* francés prescindira da intriga para centrarse na conduta dos personaxes (influencia do behaviorismo ou condutismo) e nos obxectos (obxectalismo); Dos Passos experimentara contécnicas procedentes da linguaxe cinematográfica, etc.

Algúns trazos que definen o *nouveau roman* francés e que exerceron influencia sobre a NNG foron:

- Rexeitamento da trama argumental.
- Personaxes abstractos, sen identidade, sen nome, sen atributos; obxectalizado (cousificación do individuo), preso de eivas e traumas, inseguro, desequilibrado, introspectivo.
- Transgresión dos límites temporais, situando o narrador nun presente indefinido, sen remate.
- Obxectalismo, descrición polo miúdo de cada detalle dun obxecto. A descrición é un dos soportes do texto.

A Nova Narrativa Galega será o campo de probas de toda a narrativa galega moderna, o laboratorio no que se experimenta coa linguaxe e coas técnicas do discurso a fin de decantar cales desas probas poderían ser válidas para a confección de textos, sen por iso dexaren de producir obras en si válidas.

3. A NARRATIVA DE XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN:



Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938). É o fillo único dun xuíz e unha mestra. No ano 1965 comeza a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Despois do maxisterio de Ramón Otero Pedraio e Ramón Piñeiro, vencélase ao movemento das Mocidades Galeguistas. En 1958 publica *Percival e outras historias*, o seu segundo libro, despois do poemario *Voce na neboa* (1957). Nos anos de estudante en Madrid, onde continúa a súa carreira, completa a súa formación filolóxico-literaria e política. Alí, con outros mozos galegos, funda o grupo Brais Pinto, ao que se lle deben algúns dos textos da Nova Narrativa Galega. O ano 1961 pásao en Oxford, onde estuda o marxismo e vive intensamente o mundo cultural da cidade. Ese ano publica o segundo libro de narracións, *O crepúsculo e as formigas*. Estivo casado con María Xosé Queizán coa que tivo un fillo e unha filla. En 1963 participa na creación do Consello da Mocidade e en 1964 na fundación do partido nacionalista Unión do Pobo Galego (UPG) e publica a novela *Arrabaldo do Norte* na liña do *nouveau roman français*.

En 1965 intálase en Vigo, onde vive e traballa ata a actualidade. Durante os períodos sociais máis conflitivos da década dos 70 e 80 Ferrín dedícase á política. Os problemas sociais e políticos que vive Galicia, así como as loitas ideolóxicas entre os grupos nacionalistas, están reflectidos en: *Retorno a Tago* (1971). En 1974 publica *Elipses e outras sombras* e en 1976 *Antón e os inocentes*. Expulsado da UPG con outros militantes, funda o Partido Galego do Proletariado, que substituirá anos máis tarde por Galicia Ceibe, unha organización de maior espectro político. En 1980

publica *Crónoca de Nós* e en 1982 o libro de relatos *Amor de Artur*. En 1985 aparece a novela *Arnoia Arnoia* e en 1987 *Bretaña Esmeraldina*. Na última década do século XX publica *Arraianos* e *No ventre do silencio*.

	OBRAS	CONTIDO
1º ciclo narrativo. Dentro da NNG.	<i>Percival e outras historias</i> (1958)	Catorce relatos caracterizados pola creación dun clima de misterio que chega a desembocar no terror, emprego de topónimos e antropónimos de resonancias nórdicas e orientais (Aba Usaig, Lorelai, Jaccrú, Eikof...), mistura de elementos míticos (Percival) e os obxectos cotiáns, presenza dun mundo lendario celta...
	<i>O crepúsculo e as formigas</i> (1961)	Desevólvese nun ambiente urbano cheo de sordidez e poboado por personaxes patolóxicos e marxinais. Os relatos tratan temas como a violencia, a morte, o medo, os conflitos políticos... o estilo poderíase definir como realismo cru, case naturalista.
	<i>Arrabaldo do Norte</i> (1964)	Técnica obxectalista do <i>nouveau roman</i> francés: un personaxe anónimo na procura dun obxectivo impreciso nunha cidade sen nome... Abundan as descrições demoradas dunha xeografía urbana desolada e despoboada.
2º ciclo narrativo	<i>Retorno a Tagen Ata</i> (1971) Levada ao cinema por Eloi Lozano e ao teatro polo Centro Dramático Galego.	Obra alegórica de política-ficción onde se explica a aparición do nacionalismo revolucionario galego dos 70 e a súa ruptura co culturalismo piñeirista (R. Piñeiro). Ten sido interpretada como unha novela en clave, un axuste de contas ideolóxico é xeracional, onde o personaxe Ulm Roam encarna o piñeirismo e Rotbaf Luden, a heroína, a postura das novas xeracións nacionalistas.
	<i>Elipses e outras sombras</i> (1974)	Visión aterradora da violencia institucional contra os rebeldes e inconformistas. Sete relatos coincidentes coa temática do realismo social.
	<i>Antón e os inocentes</i> (1976)	Obra de ambiente urbano, protagonizada por un mozo e unha moza, ambos estudantes, que describe, en certo modo, a mocidade dos 50. Novela de iniciación na que os protagonistas perden a inocencia e se enfrontan á realidade do mal e da inxustiza.
	<i>Crónica de Nós</i> (1980)	Oito relatos onde se aborda o mundo das guerrillas dos anos 40, o mundo universitario compostelán, o mundo da UPG, etc.
3º ciclo narrativo	<i>Amor de Artur</i> (1982)	Cinco relatos que recrean os mitos bretóns ou artúricos.
	<i>Arnoia Arnoia</i> (1985)	Relato longo que conta as aventuras dun adolescente de dezasete anos, que desexa regresar á súa terra e para iso debe pasar unha serie de probas.
	<i>Bretaña Esmeraldina</i> (1987)	Novela onde volve á vida no cárcere e a represión política. O protagonista é un revolucionario bretón preso, que loita pola liberdade de Tagen Ata.
	<i>Arraianos</i> (1991)	Dez relatos de temática variada: historias do 36 e da represión franquista, de mulleres meigas, da guerrilla carlista..., todos eles ambientados na raia, na fronteira entre Galicia e Portugal.
	<i>No ventre do silencio</i> (1999)	Retrato ideolóxico e social da Compostela que o escritor coñeceu como estudante, nos anos 50, dominada polo nacional-catolicismo franquista.

4. A NARRATIVA DE XOSÉ NEIRA VILAS:

Tanto polo fondo coma pola forma hai que situar nos anos 60, a obra de enorme calidade e difusión de Xosé Neira Vilas. Pódese considerar como autor

pioneiro da literatura infantil en galego, con libros como *O cabaliño de buxo* (1971), *Espantallo amigo* (1971), *A marela tarabela* (1976), *De cando o Suso foi carteiro* (1988), *Chegan forasteiros* (1993), *Contos vellos para rapaces novos* (1983).



Neira Vilas presenta varias particularidades a respecto dos autores que engloban a Nova Narrativa Galega. En primeiro lugar móvese nun marco vivencial (emigrado en América) moi distante e distinto ca os escritores de aquí cos que non mantén un contacto xeracional. Alén disto, non manifesta o interese renovador que conscientemente asumen os seus coetáneos. A forma narrativa da que fai gala nos seus inicios céntrase máis nos contidos (temática, argumento, situacións) que na conformación do discurso narrativo.

O que máis distancia a súa narrativa dos autores da NNG é o que o caracteriza: tratamento cruamente realista da vida rural galega. Concéntrase nas miserias e traxedias da aldea galega nos tempos da Gerra Civil e na porguerra, os seus conflitos non son internos, xorden do enfrontamento co medio, cos opresores, na loita cotiá pola supervivencia.

Adoitase agrupar a súa narrativa en catro núcleos:

	OBRA	CONTIDO
Obras que xiran arredor da vivencia infantil do mundo da aldea.	<i>O Ciclo do neno</i> (1978), que agrupa : <i>Memorias dun neno labrego</i> (1961), <i>Cartas a Lelo</i> (1971), <i>Aqueles anos do Moncho</i> (1977)	A través da mirada infantil o autor reconstrúe o mundo rural galego dos anos 30 e 40, que ofrece como única saída redentora a emigración. Paralelamente asistimos ao proceso de maduración psicolóxica dos protagonistas, sendo polo tanto crónicas iniciáticas en que a vivencia da inxustiza vai modelando a súa personalidade ata optaren pola rebelión. Desde o punto de vista técnico-formal estas obras mostran unha grande sinxeleza construtiva.
Narracións en que o mundo rural é observado desde o punto de vista do adulto.	<i>Xente no rodicio</i> (1965)	20 relatos. Predomina o tratamento realista para nos deseñar os habitantes dunha aldea pecha e opresiva condenados á emigración ou á autodestrución.
	<i>A muller de ferro</i> (1969)	Contos cargados dun forte simbolismo, concibidos como parábolas ou fábulas moralizantes cun marcado carácter ideolóxico.
	<i>Querido Tomás</i> (1980)	Presenta unha notable complexidade estrutural. Trátase dun longo monólogo dunha mestra rural, Sara, que xa cerca da vellez rememora os primeiros anos da posguerra e as distintas fases do seu amor de mocidade con Tomás, un rapaz labrego ao que a pesar das diferenzas de clase social estará ligada ata que o mozo emigra a Brasil. Está concibido coma un alegación contra da emigración, que a cambio dunha falsa esperanza vén a destruír a existencia de dúas persoas e simultaneamente a de todo un pobo.
Narracións centradas no mundo da emigración.	<i>Camiño bretemoso</i> (1967)	Presenta o relato oral, sórdido e amargo, que un emigrante realiza a un interlocutor mudo das súas peripecias desde que abandona Galicia aos dezaioito anos por un imperativo ético (a vergoña que sente por se non atrever a desafecer un mal entendido sobre as súas relacións coa criada da casa), ata chegar á situación final en que só, enfermo e desprezado, agarda pola morte nun suburbio de Bos Aires.
	<i>Historias de emigrantes</i> (1968)	Contos nos que se narra o conflitivo proceso de adaptación ao novo medio urbano dunha galería de personaxes representativos de toda a colectividade galega en Bos Aires.
	<i>Remuíño de sombras</i> (1973)	A máis innovadora e próxima á NNG. Amorea de forma caótica fragmentos de conversas, noticias sobre o mundo do espectáculo, actos sociais da comunidade galega... con secuencias narrativas de maior extensión e diferentes protagonistas que son os que dan unidade á novela.
	<i>Tempo novo</i> (1987)	O foco é a Cuba posrevolucionaria observada desde os ollos dos galegos residentes.

Coleccións de estampas líricas e semblanzas	Agrupados en <i>Charamuscas</i> (1993): <i>Lar</i> (1973), <i>Nai</i> (1980)	Están máis próximas da linguaxe poética que á narrativa. Os elementos argumentais ceden ante a evocación acentuadamente subxectiva e emocionada do que o Neira Vilas emigrante deixou atrás.
	<i>Pan</i> (1986)	39 estampas cunha técnica e estilo moi semellantes aos empregados por Castelao en <i>Cousas</i> . Nelas ofrécese de forma densa e sintética un resumo de todo o seu mundo narrativo anterior a través dunha galería de personaxes: o cacique, o xornaleiro, o emigrante, a regateira estraperlista ...
	<i>Un home de pau</i> (1999)	15 relatos centrados na vida da cidade e nos inconvenientes que nela encontran os seres humanos para se realizaren: cousificación, masificación, soidade, présa, illamento, acoso publicitario, ruído, incomunicación...

5. A NARRATIVA DE CARLOS CASARES:



Carlos Casares (Xinzo de Limia, Ourense, 1941- Vigo, 2002). No ano 1952 ingresa no seminario conciliar de Ourense, no que deixa sen rematar os estudos de Teoloxía, e estuda o bacharelato no Instituto da cidade. Nestes anos coñece a Vicente Risco e faise asiduo da súa tertulia. Tempo despois, Casares recoñecerá a decisiva influencia que Risco tivo no seu achegamento ao galeguismo e na súa vocación de escritor. Marcha a Madrid a estudar Filosofía e Letras. Da estada madrileña traerá moitas lecturas e un bo coñecemento da narrativa europea e americana.

No outono de 1965 matricúlase en Linguas Románicas na Universidade de Santiago, onde comeza unha fonda amizade con Ramón Piñeiro. Nos anos da estada compostelá comeza a publicar poemas e algúns relatos na revista *Grial*. *Vento ferido*, o seu primeiro libro, sae en 1967. O segundo libro de narrativa, *Cambio en tres*, publícase en 1969.

Como escritor de literatura infantil publicou «A galiña azul» (1968), «As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas» (1973), «O can Rin e o lobo Crispín» (1983), «Lolo anda en bicicleta» (1996), «O galo de Antioquía» (1994), «Un polbo xigante» (2000), e a serie de Toribio: «Este é Toribio» (1991), «Toribio contra o profesor Smith» (1991), «Toribio e o contador de contos» (1991), «Toribio ten unha idea» (1992) y «Toribio revoluciona o tráfico» (1994).

Nunha viaxe a Madrid coñece a Cristina Berg, unha estudante sueca, coa que casa ao pouco tempo e coa que ten dous fillos.

Ligado ao grupo Galaxia, especialmente á persoa de Ramón Piñeiro, colabora en todas as actividades que realizan os seus membros. En 1972 publica a tradución de *Le petit prince* (O principión) de Antoine de Saint- Exupéry. Coa publicación de *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), obtén o Premio Galaxia de novela e o da Crítica Galega. No ano seguinte é elixido membro da Real Academia Galega. En 1979 publica *Os escuros soños de Clio* e en 1980 a noveliña *Ilustrísima*. Durante a década dos oitenta leva a cabo unha grande actividade intelectual e política.

No ano 1982 consegue acta de deputado no Parlamento Galego como independente nas listas do PSOE, xunto con Ramón Piñeiro e Benxamín Casal, e participa na elaboración da Lei de Normalización Lingüística.

A novela *Os mortos daquel verán* apareceu en 1987 e, de 1996 é *Deus*

sentado nun sillón azul. Desde 1989 foi director da editorial Galaxia e da revista *Grial*, foi tamén presidente do Consello da Cultura Galega.



Aínda que as súas dúas primeiras obras poderían encadrarse dentro da NNG, o propio autor foi remiso a aceptar que a súa obra fose incluída nesta corrente literaria, exceptuando *Cambio en tres*, da que recoñece “foi para min un experimento”.

Tradicionalmente adoitanse distinguir dúas etapas na narrativa de Carlos Casares:

	OBRA	CONTIDO
1ª etapa: defínese como de renovación formal con obras ambientadas na sociedade galega do franquismo, con abundantes elementos autobiográficos, que empregan temas e recursos narrativos de grande modernidade (monólogo interior, ruptura temporal...)	<i>Vento ferido</i> (1967)	Doce relatos de protagonista adolescente. Tecnicamente destaca o uso do monólogo interior e a mistura de planos temporais. Tematicamente os relatos están presididos pola violencia, o fatalismo, as relacións frustradas ...
	<i>Cambio en tres</i> (1969)	Lisardo, o narrador, fai un repaso á vida do seu amigo morto, Cachorro, obreiro e emigrante en Francia. A novela carece de acción propiamente dita, inclúe disposicións gráficas vangardistas e revela un evidente afán de experimentación técnica.
	<i>Xoguetes para un tempo prohibido</i> (1975)	Narra nunha longa analepse a peripecia vital e as experiencias do protagonista, Elías, desde á súa infancia e adolescencia ata a súa madurez cando está a punto de morrer vítima dun estúpido accidente.
2ª etapa: de abandono dos presupostos da Nova Narrativa, de retorno a técnicas e enfoques máis tradicionais. Obras ambientadas no pasado histórico sen apenas presenza de elementos autobiográficos e que utilizan recursos máis próximos ao realismo tradicional.	<i>Os escuros soños de clío</i> (1979)	Doce relatos breves co pano de fondo de diversos momentos da historia galega: historias de normandos, alquimistas, curandeiros, xudeus, xenerais liberais, etc. Relatos moi lúdicos, cunqueirianos, de acusada intertextualidade e escritos, na súa maioría en clave irónica e humorística.
	<i>Ilustrísima</i> (1980)	Xira arredor da actitude dos sectores máis intransixentes da curia católica ante a chegada á cidade de Ourense dun proxector cinematográfico na época da Restauración borbónica.
	<i>Os mortos daquel verán</i> (1987)	Conta as circunstancias que rodean a morte dun boticario, Modesto Vilariño, no comezo da Guerra Civil. Asistimos ao contraste entre a versión oficial (morte accidental) e a versión das testemuñas (foi “paseado”).
	<i>Deus sentado nun sillón azul</i> (1996)	É vista como unha especie de retrato novelado, non exento de trazos críticos, da traxectoria de Vicente Risco. A novela reproduce o ambiente ourensán da inmediata posguerra e, a través da evocación, a situación social e intelectual que desembocou na Guerra Civil.

6. A NOVELA GALEGA DESPOIS DE 1975:

6.1. A NOVELA POSFRANQUISTA:

O ano 1975 é decisivo na historia de España, de Galicia e, como non, na literatura galega. Este é o ano da morte do xeneral Franco, o que supón a fin da ditadura e a fin doutro longo silencio nas nosas letras e da nosa lingua. Este feito ten fondas consecuencias políticas e socioeconómicas ao que hai que engandir a forte repercusión que tivo no eido sociocultural. En poucos anos Galicia constituirase en comunidade autónoma, cun parlamento, unha lingua propia que se estuda nas escolas e unha lei que a quere protexer e normalizar. Comeza así a recuperación dunha lingua e cultura propias iniciada con penalidades e laboriosidade xa na década dos cincuenta.

Neste novo contexto a literatura, en todos os xéneros, e tamén no da novela reflectirá esa recuperación pero, no ano 1975 e seguintes aínda será continuadora e debedora dos logros anteriores. “O Patriarca das Letras Galegas” segue a ser Ramón Otero Pedrayo. Aínda se manteñen en activo outros narradores, dos máis representativos da recuperación cultural: Eduardo Blanco Amor, *Xente ao lonxe* (1976); Alvaro Cunqueiro *Os outros feirantes* (1979); Celso Emilio Ferreiro *A taberna do galo* (1978). A desaparición destes autores deixa a narrativa galega orfa de referentes, o que obriga a tomar o relevo a aqueles autores que destacan durante a década dos sesenta e que se coñecen como os autores da “Nova Narrativa Galega”. Por tanto Carlos Casares, González Mourullo, Camilo Gonsar, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán e mesmo Xosé Neira Vilas, para alén de manterse como narradores en activo nestes anos converteranse en paradigma da narrativa galega posterior. Nestes anos proliferan tamén outros narradores iniciados a través do asociacionismo que a situación sociopolítica da época propiciou, son agrupacións culturais como O Galo ou O Facho. É o momento de que o xénero narrativo, especialmente a novela, adquira certa relevancia na nosa literatura. É a hora de que este xénero sirva, como serven e serviron a poesía e o conto, presentes ao longo da historia das nosas letras, para expresar a identidade dunha comunidade cunha voz silenciada. É evidente que a novela era un xénero ata o momento deficitario na nosa literatura. Dentro deste panorama de cambios, ante esa necesidade de elaborar unha estrutura social identitaria, é onde se dan as mellores condicións para a aprición de obras narrativas de certa extensión e transcendencia para a literatura galega.

As infraestruturas editoriais experimentan tamén un notable cercemento. Ata ese momento o mundo editorial galego era Galaxia, despois de 1975, aparece Edicións do Castro, outras máis efémeras como Castrelos, Alvarellos e Nós, e en 1979 Edicións Xerais de Galicia. Comezan os premios literarios: o Galaxia de novela 1975, o do Ateneo de Moaña de novela curta, en 1974 e o Modesto R. Figueiredo, 1976, tamén de relato curto, a cargo do Padroado do Pedrón de Ouro.

A novela galega posfranquista insírese nunha etapa de transición que se pecha ao final da década co Estatuto de Autonomía de Galicia. Neste período conviven:

- As produción de autores consagrados como Álvaro Cunqueiro ou Blanco Amor.
- Autores que manteñen a súa atención nas consecuencias da Guerra Civil e que proveñen na meirande parte do exilio: Silvino Santiago *O Silencio redimido* (1976), Antón Alonso Ríos *O Señor Afranio* (1979), Ramón Valenzuela *Non agardei por ninguén* (1980); ou na emigración americana como o caso de Xosé Neira Vilas que continúa a súa saga iniciada con *Memorias dun neno labrego*.
- Autores que cobran prestixio como xoves promesas da *Nova Narrativa Galega* que optan por sacrificar o marcado hermetismo de traballos anteriores a prol dunha


maior transparencia. Neste abandono deliberado do experimentalismo e as referencias excesivamente intelectuais advírtese unha clara intencionalidade social o que os obriga a certas concesións ao público. Xosé Luís Méndez Ferrín *Antón e os inocentes* (1976) ou Carlos Casares *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975).

Canto aos temas, a produción destes anos é ben heteroxénea e atopará menor ou maior acollida nos lectores segundo responda ao novo discurso social que se precisaba no momento. Este daba prioridade ás realizacións que potenciaban o compromiso ideolóxico atendendo en primeiro lugar á configuración dunha identidade galega que estaba por vir. As tendencias dominantes debían pasar pola introspección xeracional e a reflexión sobre o propio ser; de aí a disposición xeral cara ao realismo social e, sobre todo o despegue narrativo que analizaba o pasado e a súa proxección no presente: o das memorias infantís. A partir de 1975 popularízanse as obras nas que un foco de conciencia adulto evoca as lembranzas que van desde a súa primeira infancia até o momento da maduración. Este tipo de composición, tamén presente en todo o panorama europeo de posguerra adoita coñecerse como “novela de iniciación”. Era necesaria a reapropiación dun espazo ideal comunitario representado polo medio rural e, ante todo, polo uso do idioma galego. O ciclo das memorias infantís significaba a recuperación da palabra silenciada e, a través dela, da identidade do propio ser. Neste ciclo temático inscíbense obras como *A nosa cinza* de Xavier Alcalá (1980), *Xente ao lonxe* de Cunqueiro (1976), *Xoguetes pra un tempo prohibido* de Carlos Casares (1975), *Un ano e un día* de Xosé Manuel Martínez Oca (1980), *A ceo aberto* de Xosé Fernández Ferreiro (1981)...

Pero non todos os autores da época se adaptaron aos novos cánones narrativos que implicaban o compromiso ideolóxico na súa forma de narrar. As producións destes foron consideradas naquel momento como unha adscrición a modelos culturais foráneos que os afastaban do referente real inmediato.

Dous exemplos:

- **Xosé Fernández Ferreiro** (Nogueira de Ramuín 1931), polo seu esforzo por crear unha **literatura de “quiosque”**, construíndo unha novela galega popular: *A morte de Frank González* (1975) considerada o primeiro *western* galego, *Corrupción e morte de Brigitte Bardot* (1981), iniciadora do que logo se daría en chamar “novela negra urbana”, *Reportaxe cósmico* (1982), ciencia-ficción; ou a denuncia social en *Morrer en Castrelo do Miño* (1978). Quixo permanecer sempre á marxe dos criterios máis academicistas e teóricos preferindo manter un vencello popular. A maior recepción da súa obra virá nos anos oitenta cando o panorama literario galego é máis aberto e heteroxéneo.



Na década dos oitenta sen abandonar totalmente os asuntos que o vinculan cos intereses populares iniciará unha liña máis acorde coas tendencias novelísticas do momento. De 1980 é *A saga do afiadador*, retrato case épico do gremio de afiadadores, introducindo na narración a súa xerga “o barallete”. *A ceo aberto* de 1981, no que fai un uso particular do tempo narrativo, reducidísimo, para expresar a angustia case existencial do individuo axfisiado polo medio, a través de Cándido que regula o tráfico no medio da calor da gran cidade. *A fraga dos paxaros salvaxes*, 1985 e *O Minotauro* 1989 volven sobre o tema da angustiosa soidade do individuo. Pero o gran salto prodúcese en 1991 con *Agosto do 36*, gañadora do Premio Xerais, na que recupera a memoria da Guerra Civil envolta, outra vez, nunha calor sufocante. De 1994 é *A cidade das chuvias*, de 1996 os relatos de *Co medo nas mans* e de 1999 *O atentado*, premio Antón Losada Diéguez. Xa metidos no século XXI publicou: *O último paraíso* (2001), *Millo verde* (2002), *Os últimos fuxidos* (2004),



Tempo de centeo (2009). E para cativos *O conto da boa e da mala pipa* (1996).

- **Paco Martín** (Lugo 1940) escritor que transita polos **camiños da fantasía**. *No cadeixo* (1976), *E agora cun ceo de lama* (1981), escapan dos cánones literarios establecidos, ben polo manexo da fantasía e o humor ou ben pola súa propensión aos códigos simbólicos e a alegoría. A conxunción dun uso controlado da fantasía e o lirismo son características da súa obra. A desconexión do autor cos esquemas establecidos para a novela devolverano ao relato curto do que partía (*Muxicas no espello*, 1971; *Dende a muralla*, 1990; *Tres historias para ler á noite*, 1992) pero sobre todo levarano á literatura infantil e xuvenil: *Das cousas de Ramón Lamote* 1985, ..., *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008)



Salvo estas e algunhas outras excepcións a produción novelística estará suxeita aos canons que impón a sociedade do momento, desde o punto de vista estético téndese á simplificación e, sobre todo, á reelaboración do discurso dos autores consagrados, o que propicia a intertextualidade coa nosa tradición literaria. Desde o punto de vista discursivo fanse eco do momento social no que se desenvolven.



En 1977 unha novela: *Dos anxos e dos mortos* de Anxo Adolfo Rei Ballesteros (Boqueixón, A Coruña, 1952 - 2008) vén marcar unha fronteira na concepción da novela. Non era só unha ruptura formal, senón que propuña unha alteración discursiva máis globalizadora.

7. A NOVELA NOS ANOS OITENTA:

Se na sociedade, xa nun marco constitucional, impúñase a necesidade de reorganizarse nun novo sistema social, nas letras debían pasar do deficitario franquismo e posfranquismo ao máis esperanzador da etapa preautonómica. Nos primeiros anos oitenta prodúcese o despegue dos premios literarios como estratexia de promoción de obras literarias, é o comezo dunha nova orientación da novela por medio dos Premios Xerais. En 1976 convocábase o Premio Modesto R. Figueirido de narración breve, a cargo do Padroado do Pedrón de Ouro, no que callou o talento narrativo de autores que xa en 1980 entraban definitivamente no terreo da novela: Xavier Alcalá, Xoán Ignacio Taibo, Xosé Manuel Martínez Oca ... En 1981 convócanse dous Premios de novela longa: o Chitón e o Blanco Amor. O primeiro, patrocinado por un restaurante compostelán tivo unha vida efémera, o segundo, instituído por unha agrupación de municipios, mantén entre os seus fundamentos a promoción dunha novela de solvencia literaria. Este fomento da creación novelística deu os seus froitos e multiplicouse a produción. A isto únese a aparición de novas empresas editoriais, a Galaxia e Do Castro hai que engadir, en 1979, Edicións Xerais de Galicia e, dous anos máis tarde, Sotelo Blanco. Por todo isto a chegada dos oitenta supuña o arrinque dunha traxectoria que, partindo das limitacións de base, debía explorar novas alternativas temáticas e formais. É neste ambiente favorecedor da creación literaria cando aparece toda unha promoción de novelistas que se deu en chamar:

7.1. A “PROMOCIÓN DO PEDRÓN” OU “PROMOCIÓN DOS PREMIOS”

A conciencia dunha comunidade galega, fortemente ideoloxizada tomara o partido do compromiso social, a recuperación dos valores da identidade galeguista. Nesta liña do compromiso social aparecen autores como Xavier Alcalá, Úrsula Heinze, Xosé Manuel Martínez Oca ou Alfredo Conde que unen á reflexión sobre o momento en que viven a mirada ao pasado máis inmediato. Na vertente máis mítica destaca Víctor Fernández Freixanes disposto para a exploración da historia comunitaria, nunha tarefa á que Alfredo Conde non é tampouco alleo.

A creación novelística entere 1980 e 1984 xira en torno aos certames literarios. Trátase en todos os casos de persoeiros nados nos anos de posguerra que levan a cabo unha visión crítica da realidade, con presenza moi destacada da retrospección reivindicativa. No entanto poucos son os trazos que presentan en común de tal xeito que a única maneira de agrupalos é baixo a epígrafe de a “**promoción dos premios**”


- **Víctor Freixanes** (Pontevedra, 1951). Gañador en 1981 do premio Blanco Amor coa novela *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982). A pesar da



semellanza coa obra de Torrente Ballester (La saga/fuga de J.B.) Freixanes concibe unha peza autónoma máis proclive á epopea colectiva, fatalista e apocalíptica. A novela exhibe un insólito diálogo cos autores galegos pero tamén, e fundamentalmente, cos clásicos da literatura universal, empezando pola épica marítima de Homero. En 1988 sae



á luz *O enxoval da noiva*, tamén se trata dunha peza de ambición universalista (por canto escapa ao ámbito do netamente galego) e histórica, cun estrito rigor documental que nos traslada á Roma dos Borgia. En 1993, outra magna novela: *A cidade dos Césares* (premio Torrente Ballester), na que cobran protagonismo a colectividade dunha Galicia colonizadora e mariñeira, os esforzos por labrar a súa propia Historia e o difícil destino que a agarda fronte a traizón que aniña no seu ser. Esta novela intégrase nunha corrente que a principios dos noventa glosa a historia da diáspora galega por terras de América. A epopea da Galicia exterior é recuperada nos seus tons máis universalistas tanto por Freixanes como por Xavier Alcalá, entre outros.




- **Xavier Alcalá** (Miguelurra, Ciudad Real, 1947) en 1980 publicanse dúas das súas mellores novelas: *A nosa cinza* e *Fábula*.



A nosa cinza (premio Cidade da Coruña e Premio da Crítica Española) volve sobre o tema recorrente da iniciación á vida adulta dun neno, pero lonxe de recrear o universo rural de *Memorias dun neno labrego* (de Xosé Neira Vilas), Alcalá acerta a enlazar os motivos da educación na posguerra desde unha óptica moderna, situándoos nun ambiente urbano no que os conflitos ideolóxicos cobran unha dimensión simbólica. O protagonista de *A nosa cinza* encarna a toda unha xeración que arrastra o pecado orixinal de ter nacido a partir da destrución, tanto da guerra española coma da Guerra mundial. *Fábula* é un ambicioso proxecto de novela pluriperspectivista. A trama ambiéntase na cidade da Coruña, recrea os pormenores dun episodio de inequívoca intencionalidade social que, a partir dun suceso político en plena transición democrática, leva os personaxes a evocar, desde distintos puntos de



vista, o papel xogado na Guerra Civil. Con esta novela ponse de relevo o peso que Eduardo Blanco Amor ten na formación autorial de Alcalá, na preferencia polo realismo social e o modelo de narración. Chega un momento no que a prosa de Xavier Alcalá se debate entre a crónica e a ficción, entre Galicia e a Patagonia arxentina. De 1982 é a súa novela *Nos pagos de Huinca Loo* na que se abordan os dous asuntos que preocupan ao autor: a formación da moderna sociedade arxentina e as migracións galegas ao Cono sur. *Tertúlia* de 1985, narra as vicisitudes dun novelista no proceso de creación dunha novela de aventuras (interpolada no relato) ambientada na selva americana.



En 1990 publica *Cárcere verde*, a novela inserida en *Tertúlia*. En 1996 rexorde con forza coa novela *Código morse*. En 1998 volve sorprender coa aparición de *Alén da desventura*, de ambientación histórica e trama de intriga, avalada polo premio Blanco Amor de novela.


- **Úrsula Heinze** (Colonia, Alemaña 1941). Centra o interese dos temas tratados nunha visión interior do ser feminino, encarnado en personaxes que se debaten




entre a recuperación do propio ser e a presión do mundo, con frecuencia hostil, no que dominan as actuacións masculinas. De 1982 é *O soño perdido de Elvira M.* (finalista do premio Chitón 1981), novela na que a voz autorial practica un certo distanciamento da historia narrada e forza a implicación do lector co uso xeralizado dunha narración en segunda persoa, que xunto con outras técnicas actualizadoras (lembrando o enfoque cinematográfico) imprimen ao conxunto un enfoque

renovador. A súa seguinte entrega é a novela *Anaiansi* de 1989, a soidade dunha muller nun mundo que parece xirar por si mesmo e o paso doloroso e inaprehensible do tempo. A técnica utilizada mantense, igualmente, nunha disposición secuencial propia do guión cinematográfico, e nela ten cabida un discurso primordial e interiorista, alternando o estilo indirecto e o indirecto libre que dá paso á actualización doutras escenas desenvolvidas a través do diálogo. Premio Blanco Amor en 1993 por *Culpable de asesinato* (1994), unha complexa e ambiciosa estrutura secuencial, centrada nun único foco de conciencia (o dunha atormentada protagonista), á que se suxeitan as alteracións temporais e discursivas do relato, dunha complexidade tan torturante coma a soidade, a insatisfacción e a culpa que se abaten sobre o personaxe.

- **Alfredo Conde** (Allariz, Ourense 1945). A renovación técnica e o compromiso social preséntanse xa na súa novela *Breixo* de 1981, logo virá



en 1982, *Memoria de Noa* que lle valeu o premio chitón na súa primeira convocatoria. Pero o paso decisivo na súa carreira chega en 1984 con *Xa vai o Griffon no vento*, premio Blanco Amor, novela fundamentalmente alegórica, situada entre a Compostela renacentista e inquisitorial e a provenza do noso tempo. Como nas súas obras precedentes,



o autor imprime ao relato un ritmo demorado pola tendencia á digresión. Apréciase unha desmedida debilidade polo artificio verbal e un uso, case arbitrario, dunha linguaxe arcaizante. No entanto a novela valeulle os premios da crítica galega e española. Regresa ao xénero novelesco en 1995 con *Sempre me matan*, unha nova sondaxe á soidade do individuo que lle serve para ofrecer unha mirada crítica sobre os círculos de poder político. En 1998, unha segunda entrega tras os pasos da anterior, no que se configura coma un ciclo da sociedade actual: *O difícil que é matar*.

- **Xosé Manuel Martínez Oca** (A Estrada, Pontevedra 1942) *Un ano e un día*, 1980,recorre ao tema das memorias infantís, entre a nostalxia, o amor xuvenil e



unha herdada culpabilidade que arrinca da Gerra Civil. No tratamento temporal: só un día servirá ao protagonista para evocar todo un ano doutro tempo. No mesmo ano, 1980, publica *A fuxida*, relata a loita de Faustino desde o seu encarceramento por razóns políticas ata a frustrante fuxida a Suíza. *A chamada escura dos caborcos*, 1981, foi finalista do Premio Blanco Amor.

Pero o éxito definitivo chegou con *Beiramar* en 1983, premio Blanco Amor. A propósito dun feito ben realista, como é a regulación de emprego dentro da empresa, presenciamos todo un desfile de personaxes e comportamentos en *Beiramar*, unha vila imaxinaria habitada por personaxes de diversa condición . Pero xunto a esta vila coexiste unha cidade somerxida, que arrinca das lendas populares e que nos remite a un pasado sempre inaprehensible. Entre os dous mundos media a conciencia de Henrique Baloiira, un protagonista perdido entre a servidume do presente e a busca dunha utopía pasada. En 1988, *As florestas do Mañuema* unha insólita novela de aventuras que entronca coa célebre expedición do doutor Livingstone polo corazón de África. En 1994, *Diario de inverno*, nova e irónica volta sobre a introspección da conciencia, esta vez afondando nas confesións dun personaxe alienado que posúe uns comportamentos xa fóra da realidade.

Xunto a estes autores que se inician na novela a comezos dos 80 seguen en activo aqueloutros que iniciaran a súa andaina por volta de 1975 como Fernández Ferreiro,do que xa falamos máis arriba ou Tucho Calvo (A Guaira, Venezuela, 1954) con obras como *Froito das lembranzas* (1981), *Pae S. XXI* (1982), *Telúrico* (1996), *Luz de abrente* (1999). Outros narradores desta década non inscritos propiamente na chamada “promoción” cunha produción reducida pero moi significativa son, por exemplo:

- **Daniel Cortezón** (Ribadeo, Lugo 1927), a súa carreira literaria vai a cabalo entre o teatro (xénero que cultivou con máis dedicación) e a narración: *Ribanzo e As covas do Rei Cintolo* (1955), *O cabaleiro da luz* (1956), *A xeiva sagrada* (1960) e sobre todo *A vila sulagada* (1981) gañadora do primeiro Premio Blanco Amor de novela, onde retoma o asunto dos encoros tratado antes por Fernández Ferreiro en *Morrer en Castrelo do Miño* (1978).
- **Xoán Bernárdez Vilar** (Marín, Pontevedra, 1936), inscrito na temática da novela histórica. En *Un home de Vilameán: anatomía dunha revolución* (1976) o autor remitía directamente ás revoltas irmandiñas. Centrada nun episodio de ambientación mediterránea é *¡Oveade naves de Tarsish!* De 1983. Gañadora do Premio Xerais de 1986 *No ano do cometa*. A aparente falta de interese de crítica e público pola novela de ambientación histórica levarao a inclinarse en 1996 por unha fabulación, orientada ao público xuvenil, sobre a orixe da vida na Terra *Big Bang*.

Na metade da década dos oitenta prodúcese cambios na vida social e política galegas:

- Lei de Normalización lingüística en 1983.
- Constitución do Parlamento galego e do Goberno autonómico (Xunta de Galicia)
- Maior presenza do galego nas aulas.
- Creación dunha radiotelevisión autonómica.

A repercusión na literatura vén dada por factores como:

- Novos cuños editoriais: en 1985 Ir Indo, anos mái tarde A Nosa Terra, entre 1989 e 1991 Do Cumio, Laiovento, Novo Século, Nigra, Edicións Positivas, Espiral Maior.
- Revistas especializadas: Grial (xa veterana), Dorna (1981), Escrita (1983), desde 1984: Festa da Palabra Silenciada, Luzes de Galiza, Nó, Seiva, Agália e Anima+; outras de carácter máis científico: *Boletín de Literatura Galega* (1989), *A Trabe de Ouro* (1990), *Anuario de Estudios Literarios Galegos* (1993).
- Proliferación de premios literarios. Ao Blanco Amor únese, en 1984, o Xerais, entre 1989 e 1991, o premio de novela García Barros e Semana Negra, xunto ao Premio Torrente Ballester e o Álvaro Cunqueiro.

Durante esta segunda metade dos oitenta, logo de ter atendida a inmediata necesidade de recuperar a palabra e a Historia, axiña se manifesta o desexo de repoboar outros espazos temáticos ou expresivos.

Unha serie de autores, non moi numerosos e sen conexións entre eles, incríbense no panorama da narración que escapa tanto dos asuntos, xa gastados, da identidade comunitaria, coma a calquera intento de renovación discursiva, son en xeral, autores, dos que xa falamos antes, que se beneficiaron da espectacular das editoriais e dos lectores polos premios literarios: Fernández Ferreiro, Úrsula Heinze, Xosé Manuel Martínez Oca...

Hai que engadir a estes autores outros de novo cuño e moi diversa orientación:

Xosé Ramón Pena (Betanzos, A Coruña, 1956)	<i>O reverso do espello</i> (1984) <i>Para depois do adeus</i> (1987) Premio Xerais <i>Paixóns privadas</i> (1991) <i>A era de acuario</i> (1997) <i>Fado de princesa</i> (2005) <i>A batalla do paraíso triste</i> (2008)
Miguel Suárez Abel (Arzúa, A Coruña, 1952)	<i>Turbo</i> (1986) Premio Blanco Amor <i>Álvaro Pino</i> (1989) <i>Sabor a ti</i> (1991) <i>O repenique de Beatriz Goldar</i> (2002)
Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952)	<i>Peito de vimbio</i> (1988). <i>As baleas de Eduardo Reinoso</i> (1990). Premio Xerais <i>O Espírito de Broustenac</i> (1996). Premio García Barros. <i>O bosque de Levas</i> (2002). Levada ao cinema por Antón Dobao en 2006
Xoán Manuel Casado (Barcelona, 1949-2002)	<i>O inverno do lobo</i> , 1985 <i>Os brasileiros</i> , 1986
Manuel Riveiro Loureiro (A Coruña 1933-2009)	<i>Pola ida e pola volta</i> (1977) <i>Terra sequeira</i> , relato, premiado no Premio Modesto R. Figueiredo de 1979. <i>O pau</i> (1982), <i>A moa</i> (1984), <i>As cereixas</i> (1988), <i>O patrón</i> (1990), <i>Caladamente</i> (1991)... <i>Corpo canso</i> (1993) Premio García Barros 1992... <i>A primeira pedra</i> (2000) <i>Xullo-agosto</i> (2005)

7.2 SEGUNDA METADE DOS OITENTA

Introdúcese a novelística, nestes anos, en áreas consideradas periféricas, que supón dar un paso máis na procura do elemento diferencial: feminismo, homosexualidade, marxinación social ... ocuparon o punto de mira da novela. Cómpre falarmos na segunda metade dos oitenta dun autor e unha novela que contribúen ao inicio do cambio:

- **Carlos González Reigosa** (Pastoriza, Lugo, 1948) e a novela é *Crime en Compostela*



gañadora do primeiro Premio Xerais en 1984. Unha peza insólita no panorama galego, unha novela policial, que non só é a primeira novela negra galega, senón que representa de novo, o esforzo por crear unha literatura popular, para un público de amplo espectro alieo ao pechado círculo do prototipo de lector en galego. *O misterio do barco perdido* (1988) manténse dentro da serie do detective Nivardo Castro, de *Crime en Compostela*.

Iniciouse no relato con *Homes de tras da corda* (1982) ao que seguiron *As pucharcas da lembranza* (1986) e *Irmán rei Artur* (1987). En 1991 pon en marcha un orixinal proxecto narrativo, *Os outros disparos de Billy*, adaptación do orixinal en castelán e que presenta ao famoso pistoleiro do western baixo un prisma vital case filosófico. Xa nos anos noventa e nos primeiros anos do século XXI publica: *A guerra do tabaco* (1996), *Intramundi* (2002), *Pepa a loba* (2006) ... e, gañadora do Premio de Novela Torrente Ballester 2008 organizado pola Deputación Provincial da Coruña, *A vida do outro* publicada por Xerais en 2009.

Tamén en 1984 acontece a incorporación á narrativa de autores procedentes da poesía e do teatro. Achegándonos aos anos 90 vai haber unha serie de poetas que, case sempre comezando desde o relato breve, se achegan á “novela negra”. Algúns exemplos son:

- **Ramiro Fonte** (Pontedeume 1957, Barcelona 2008), *O retornado* (1986), *Catro novelas sentimentais* (1988), *Aves de paso* (1990), *As regras do xogo* (1989) significou a súa entrada definitiva no “xénero negro” que continúa en *Os leopardos da lúa* (1993). Outras obras narrativas deste autor: *Soños eternos* 1994, a triloxía novelística *Vidas da infancia* que comprende: *Os meus ollos*, 2003; *Os ollos da ponte*, 2004; *A ponte nos ollos*, 2007.
- **Manuel Forcadela** (Tomiño, 1958), publica a súa obra narrativa nos anos noventa, *Paisaxe con muller e barco*, 1992 (Premio Manuel García Barros de novela), *Contos interruptus*, 1993; *Anxélica*, 1994 (conto); *A equipaxe do azar*, 1994; *A armada invencible*, 1996. A súa contribución á “novela negra” vén dada pola serie protagonizada polo ex boxeador Toni Barreiro, que se insire na máis pura tradición de novela negra popular. Á obra inicial *Sangue sobre a neve*; 1990 seguen *Barato, barato*; 1991 e *Fóra de xogo*; 1993. E no ano 2005 *A procura do falso Grial*.
- **Román Raña Lama** (Vigo, 1960) entra na novela negra en 1989 con *O crime da rúa da moeda vella*, gañadora do Premio Blanco Amor.

Outra das áreas periféricas, aínda sen explorar, era a narrativa feminina, que nos anos 80 dá paso a un enfoque moito máis específico, co que entramos na “**novela feminista**”. Neste eido destaca unha autora, protagonista da Nova Narrativa Galega:

- **María Xosé Queizán**, volve á narrativa en 1984 con un grande interese pola causa da condición feminina con *Amantia*. En *A semellanza* (1988) aborda o tema da transexualidade. En *Amor de tango* (1992) exhibe o interior da protagonista Margot a través do monólogo interior, centrada nas súas lembranzas da Guerra Civil. Aproximárase posteriormente, en 1995 ao xénero sentimental coa novela breve *O solpor da cupletista*. Explora as relacións sentimentais, sempre en clave feminista en *Ten o seu punto a fresca rosa* de 2000. *¡Sentinela alerta!* de 2002, recolle dez textos nos que María Xosé Queizán aborda o lado máis escuro da condición humana: a práctica da tortura e dos malos tratos infrixidos sobre as mulleres e sobre os máis débiles.

- **Margarita Ledo Andión**, procedente do xornalismo, dous trazos definen a súa personalidade: o activismo político e o feminismo, xunto con M^a Xosé Queizán, poñen en marcha en 1984 a revista *Festa da Palabra Silenciada*. De 1983 é o seu libro de relatos *Mamá-fe* ao que seguirán dúas novelas, *Trasalba ou Violeta e o militar morto* (1985) e *Porta blindada* (1990).

A esta exploración de áreas aínda non tratadas na novela galega, chamadas periféricas, vai parello, como non, un intento de experimentar cos propios límites da narrativa, cuestionando a globalidade do concepto xenérico. Como consecuencia xorde un movemento que somete á proba a propia estrutura narrativa. A este feito contribuíron a idea de deconstrución e todas as teorías da estética posmoderna da fin do milenio. Dúas obras de moi distinta catadura significarán o comezo dun modo diferente de entender o feito literario no seu conxunto: o texto mixto e abertamente vangardista *Historias do Rock'n roll* de Antón Reixa e o libro de relatos de Suso de Toro *Caixón desastre*, ambos de 1984. A aparición destas obras evidencia que, naquela altura, xa se facía necesario ensaiar vías de ruptura dos códigos xenéricos convencionais. Estes dous autores están moi vinculados aos medios audiovisuais o que acaba por ter un papel decisivo en canto á secuenciación do discurso (interrompido e fragmentario), ao enfoque (parcializado) e á mensaxe, moi suxeita ao medio e a miúdo tocada pola corrente minimalista, moi na moda deses anos.

Suso de Toro (Santiago, 1956), con *Caixón desastre* apúntabase a ruptura coa tradición literaria, coa representación da realidade e coa idea de tradición cultural. O seguinte paso foi *Polaroid* (1986), un conxunto de textos fragmentarios nos que o monólogo interior adquiría un forte peso. En 1988 publica *Land-Rover*, obra que fixo que se popularizase como autor capaz de representar os conflitos da sociedade moderna. O caos que rexe esa sociedade, o sufrimento dos seus heroes de arrabalde, a selva urbana e suburbana... unido a unha llinguaxe propia do home da rúa facilitou o seu achegamento ao gran público. A continuación cultiva dúas liñas, unha de vocación máis popular con *Ambulancia* (1990) que supón unha incursión no xénero negro e con obras destinadas ao público adolescente como son *A sombra cazadora* (1994) e *Conta saldada* (1996), dúas ficcións de carácter futurista a partir dos medios de comunicación. Na outra liña, intenta manter o nivel que o público e a crítica lle atribuíran desde *Land-Rover*. Publica en 1993 *Tic-tac*, premio da crítica española. Considerada por algúns como paradigma da novela posmoderna por canto desestrutura toda a unidade narrativa, converténdose nun grande taboleiro global onde encaixan os máis diversos enfoques. Ambas as dúas liñas (a que persegue unha creación artística renovadora e de calidade e a outra que fai concesións ao público) conflúen na novela *Calzados Lola* 1997, baseada nun guión cinematográfico do autor. Outras obras son *Círculo: da materia dos sonhos* (1998), *Non volvas: filla da madrugada* (2000), *Servicio de urxencias* (2002), *Trece badaladas* (2002), levada ao cinema por Xavier Villaverde, estreada en xaneiro de 2003 e interpretada por Juan Diego Botto e Luís Tosar, entre outros; *Home sen nome* (2006). No discurso narrativo de Suso de Toro, que traspasou as nosas fronteiras e que popularizou unha estética renovadora, foron confluindo outros narradores que desenvolveron o seu potencial nos anos noventa con notable acerto.



8. A NOVELA NA DÉCADA DOS NOVENTA

A década dos noventa perfílase como o período no que se establecerá definitivamente o xénero da novela dentro das letras galegas. A promoción, edición, produción e crítica unido a factores que xa se foran perfilando nos anos oitenta como a incorporación de autores procedentes do ámbito da poesía, a diversificación de temas e ruptura do discurso narrativo... son mecanismos que fortalecen e consolidan o xénero. Durante os primeiros anos da década obsérvase un progresivo abandono da narrativa breve en favor da novela, na maioría dos casos prodúcese a través de autores que nos anos anteriores exerceron o seu labor no eido da poesía: Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Ramón Caride Ogando, Darío Xohan Cabana, Manuel Rivas, Xesús Manuel Valcárcel... Outros autores noveis engaden as súas propias inclinacións renovadoras practicando a xa anunciada, a finais dos oitenta, dinámica da fragmentación narrativa: Xelís de Toro, Xurxo Borrazás, Fran Alonso ou Xavier Queipo. Este proceso de consolidación da literatura galega en xeral complétase coa volta ao relato dalgúns significativos creadores como Xosé Fernández Ferreiro *Co medo nas mans* (1997), Xosé Manuel Martínez Oca *Os culpables* (1993), Alfredo Conde *A casa de Aldara* (1996), Xosé Cid Cabido (1997) *Oralmente pola boca...* Algúns títulos veranse revisados a finais dos noventa e incluídos en colección destinadas ao público xuvenil. Por outra banda os propios escritores tamén se afanan en crear obras para chegar a este público (Bernardino Graña, Marilar Aleixandre, Carlos Casares etc. etc. Nestes anos a evolución do xenéro estaba a pedir unha certa estratificación por xéneros ou orientacións discursivas, así apacen editoriais especializadas: *Edicións Positivas* que promove valores transgresores e vangardistas en xeral, *Nigra* que promove a narración e novela curta popular; *Espiral Maior* que dá voz a creacións non convencionais; *Laiovento* potenciando o discurso crítico...

Autores consagrados publican tamén nestes anos:

- Anxo Rei Ballesteros con *Loaira* (1992), Víctor Freixanes *A cidade dos Césares* (1992), Carlos Casares *Deus sentado nun sillón azul* (1996), Xosé Luís Méndez Ferrín cos relatos de *Arraianos* (1991) e a novela *No ventre do silencio* (1999).

Pero a tendencia, nestes anos, como xa dixemos, é á da diversificación do xénero. Trátase de captar a atención do público e tamén é unha necesidade expresiva dos autores que ata o momento se ocuparan de xéneros nos que predominaban a subxectividade e o cultivo do ser individual, como acontecía na poesía. Unha incrementada e variada comunidade de lectores asómase desde as aulas ou desde calquera estamento social á literatura galega de aí que se realizasen intentos de diversificación narrativa, da que os resultados máis palpables son a oferta de xéneros narrativos destinados a un gran público e que se deu en chamar “narrativa popular” “de quiosque” “de consumo”... Trátase dos xéneros policíaco ou “negro”, de ficción científica, erótico, rosa, de terror...

8.1. A NOVELA NEGRA.

Relatos de trama policial ou delictiva nun ámbito urbano e que ten como protagonista un personaxe de caracteres ben definidos pola cinematografía norteamericana desde os anos 50 (duro, cínico, solitario...) Iniciada en 1984 con *Crime en Compostela* que continúa en *O misterio do barco perdido* (1988) de Carlos G. Reigosa. Estas dúas novelas arrastraron para o xénero o interese de autores e editores. Así en 1989 xa saen á luz un libro de relatos de Ramiro Fonte (*As regras do xogo*) e tres novelas de: Manuel Forcadela (*Sangue sobre a neve*), Román Raña (*O crime da rúa da moeda vella*) e Xelís de Toro (*Seis cordas e un corazón*). Ata finais da década o xénero irase multiplicando, no ano 1999 as publicacións deste tipo chegan case á trintena. Máis autores que cultivan o xénero: Ramón Caride Ogando, dous libros de relatos, *Os ollos da noite* (1990), *Crónica de sucesos* (1991); Xosé Miranda, *A tres bandas* (1994), Xosé Cid Cabido *Panificadora* (1994), e xa no século XXI, Diego Ameixeiras con *Baixo mínimos* (2004) e *O cidadán do mes* (2006). O achegamento ao xénero faise de tres maneiras:



- Creacións que atenden máis aos gustos tradicionais do público (Carlos G. Reigosa, Manuel Forcadela, Suso de Toro en *Ambulancia...*)
- Adaptación aos modelos culturais do noso país (*A tres bandas* de Xosé Miranda, *Miss Ourense* de Bieito Iglesias, ambas de 1994)
- Escritores con vontade rupturista que se achegan ao xénero desde a parodia máis ou menos crítica: Xelís de Toro *Seis cordas e un corazón*, *Non hai misericordia* (1990); Xosé Cid Cabido nos relatos de *Días contados* (1991) e en *Panificadora* (1994)

Ás veces á intriga detectivesca aplícase unha mirada crítica, en ocasións amparada nun marco de ambientación histórica. O espazo urbano xa non é a compostela monumental de Reigosa nin a subrural de Suso de Toro, agora ten unha dimensión máis contemporánea. Este é o caso de *O tránsito dos gramáticos* (1993) de Marilar Aleixandre, protagonizada por unha profesora universitaria, a intriga ten como móbil a investigación dun episodio do medievo nunha Compostela futurista. *A compañía clandestina de contrapublicidade* (1998) é unha construción máis convencional, tamén de intriga detectivesca, ambientada en Vigo.

Outro autor destacado é Aníbal C. Malvar, con *Un home que xaceu aquí* (1993), sitúase entre os primeiros valores no campo da novela de intriga, de 1994 é a seguinte entrega, *A man dereita*, na que introduce un tema inexplorado na narrativa galega como é o do terrorismo en relación coa institución administrativa. *Unha noite con Carla* (1995) céntrase nas corrupcións do mundo político. De 1998 é *Á de mosca* cunha trama centrada na espionaxe. A obra de Malvar perfílase como a máis lograda no terreo da novela negra (ou de intriga) galega.



O policíaco foi sen dúbida o xénero máis favorecido pero o da ficción científica ou futurista deu tamén os seus froitos, nomeadamente na literatura infantil e xuvenil.

8.2. FICCIÓN FUTURISTA.

Para alén de intentos anteriores, a primeira incursión decidida na ficción científica débese a **Ramón Caride Ogando** (Cea, Ourense, 1957), poeta nos oitenta e autor de relatos de cuño negro a comezos dos noventa, como acabamos de ver. En 1992 gaña o premio Blanco Amor con *Soños eléctricos*, primeira novela galega de ciencia-ficción e única en sentido estrito. Nesta peza o autor xoga con propostas clásicas sobre un modelo de sociedade futura. Aldous Huxley e Isaac



Asimov son referentes indispensables. Algúns dos temas tratados nesta novela serán aproveitados por Caride no seu libro de relatos *Lumefrío* (1994), así como nas súas producións infantís *Perigo vexetal* e *Ameaza na Antártida*. Outras obras destinada ao público infantil e xuvenil: *As aventuras de Said e Sheila*, 2001; *O futuro roubado*, 1999; *Ruki, o rato robot* (2003); *Bertiño Rompetodo*, 2008 e finalmente o premio Lueiro Rey con *O frío azul*, 2008.

Rexístranse outras incursións pero máis de signo futurista ca científico como *Hipogrifo* (1994) de Antón Risco, algúns aspectos de *Telúrico* (1996) de Tucho Calvo, *O cervo na torre* (1994) de Darío Xohán Cabana, premio Xerais, ou a xa mencionada *Tránsito dos gramáticos* (1993) de Marilar Aleixandre.

8.3. NOVELA ROSA E ERÓTICA.

Malia a tendencia a ampliar os eidos da novela obsérvase un baleiro no que se refire á novela erótica e á novela sentimental (ou rosa). O xénero erótico só foi abordado desde o relato breve grazas a unha proposta editorial *Contos eróticos Eles* e *Contos eróticos Elas* de 1990, que non tivo máis continuidade que os relatos de Bieito Iglesias *Aventura en Nassau* (1991) e Xulio Valcárcel *Anel de mel*. Esporádicas incursións nos relatos de *Oralmente pola boca* de Cid Cabido ou pequenas contribucións como a de César Cunqueiro en *Beatum corpus* (1993)

Outro tanto hai que dicir do xénero sentimental, tocado case sempre desde a narrativa breve, por exemplo *Anxélica* (1994) de Manuel Forcadela, *O solpor da cupletista*, de María Xosé Queizán (1995) e algunhas outras pezas.

8.4. NOVELA DE TERROR E FANTÁSTICA.

É un dos xéneros que máis triunfou na década dos noventa. A proliferación das creacións de terror decorre parella á recuperación do fantástico. O terror, por imperativos do xénero, foi sempre máis proclive a desenvolverse en formas narrativas breves, que potencian a intensidade do efecto. Así temos os relatos de Ferrín en *Arraianos* (1991), *Días contados* (1991) de Cid Cabido, *Tres historias para ler á noite* (1992) de Paco Martín, *Comedo nas mans* (1997) de Fernández Ferreiro, a novela curta *Silencio* (1995) de Fran Alonso, *A neve e a cadeira* (1994), *A biblioteca da iguana* (1994), *Vestio* (1995), de Xosé Miranda que tamén é autor do premio Xerais 1998 con *Morning Star* e, como non, de pezas de literatura infantil e xuvenil *Lúa e os nubeiros* (2000), *Ariadna* (2002), *Pel de lobo* (2002, Premio Merlín), *As mans do medo* (2008).

Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955), tamén ensaísta e poeta, integrante do colectivo *cravo fondo*, xa en 1985 constrúa ambientes e situacións inquietantes nos seus *Contos nocturnos*. En relatos posteriores, *Capitán lobo negro* (1995) e *Os ollos da sentinela* (1997), dá paso a un submundo de paixóns e impulsos irracionais aos que o onírico e o cruel serven de pedra angular. *Matar o tempo* (1995) segue enunciando un complexo psicoloxismo da crueldade fronte ao absurdo da existencia. A súa seguinte entrega, de 1988 é *As grandes carballeiras*.

8.5. A NOVELA HISTÓRICA:

Na década dos 90 aparecerán temas que toman episodios do pasado como pano de fondo ou pretexto para centrarse en aspectos máis psicolóxicos ou existenciais, deixando de lado en parte o afán máis pragmático dun apuntamento ideolóxico. A novela que toma como punto de partida a Guerra Civil española segue dalgún xeito o camiño trazado por *Os mortos daquel verán*. Trátase dun compromiso distanciando no tempo e no enfoque que na década dos noventa se manifesta, por exemplo, coa adaptación aos modos do *western* ao noso pasado bélico en *Agosto do 36* (1991) de Xosé Fernández Ferreiro. Os sucesos da guerra e preguerra tamén serven de pretexto a Carlos Casares en *Deus sentado nun sillón azul* (1996).

Aínda se manteñen activas as novelas de iniciación e as miradas sobre a traxectoria do pasado común a unha xeración. Así a década iníciase con *Loaira* (1992) de Rei Ballesteros. *Os leopardos da lúa* (1993) de Ramiro Fonte, novela de iniciación na que se revisan os códigos do xénero negro. Ou a máis introspectiva e distanciadora en función da ironía *A era de acuario* (1997) de Xosé Ramón Pena. Dúas novelas pechan o ciclo da revisión xeracional *As grandes carballeiras* (1998) de Xesús Manuel Valcárcel e *No ventre do silencio* (1999) de Xosé Luís Méndez Ferrín.

8.6. O CUNQUEIRISMO:

Por outra banda existe unha tendencia que persiste en tomar como base a ambigua dualidade dun relato que reúne os elementos do realismo cos da fantasía. Deste xeito o factor fantástico servirá unha vez máis, como elemento subversor da realidade. A saída neste sector corresponde a Ferrín con *Bretaña, Esmeraldina* (1987), que se converte no punto de inflexión dunha corrente de narración que desenvolve a utopía cunha clara intención ideolóxica desde un enfoque ben historicista, ben fantástico, ben na órbita do que se podería chamar “realismo mítico”. Chama a atención o diálogo que este corpus novelístico establece co universo narrativo de Cunqueiro, que se converte en referente absoluto en canto a situacións, personaxes e estética. Nos primeiros anos da década esténdese unha corrente de historicismo utópico que presenta algunhas recorrencias temáticas entre as que destaca a exaltación dunha mítica e intemporal Idade Media: época de haxemonía sociopolítica e cultural, de apoxeo lingüístico, de autodeterminación popular (en alusión ás revoltas irmandiñas)... Serán pois comúns as alusións artúricas, as exaltacións en diverso modo de Galicia como reino ou a inmersión nun universo protohistórico de trazos épicos. En canto á expresión tamén se dá unha coincidencia de modelos que, en xeral, avogan pola recuperación dun riquísimo e, ás veces, arcaizante léxico, pola inclinación á linguaxe poética e, sobre todo, pola creación dun universo onde se romperon as fronteiras entre o referente real e o marabilloso. O máximo representante deste ciclo narrativo é



Darío Xohán Cabana (Roás, Lugo, 1952), a súa entrada no terreo da novela data de 1989 cando recibe o premio Xerais por *Galván en Saor*. Nesta peza conxuga tanto os motivos tradicionais da identidade galega coma asuntos tomados do ciclo artúrico que o autor adapta á tradición cultural galega, entroncando coa obra de Cunqueiro (*Merlín e familia*) e a de Cabanillas (*Na noite estrelecida*), sen deixar de lado unha historia na que se articulan con suma destreza os xogos temporais e o elemento marabilloso. Na súa seguinte entrega *Fortunato de Trasmundi* (1990), abandona por un momento a escenificación histórica para construír unha parábola non exenta de aspectos humorísticos sobre a condición da identidade galega. Logo dous libros de relatos *O libro dos moradores* de 1990, evidentemente debedora das semblanzas de Cunqueiro, e *Vidas senlleiras* de 1992. A seguinte entrega *Cándido Branco e o Cabaleiro Negro* tamén do 92, na que se serve da derrota do rei García como fío argumental. O mítico episodio do Monte Medulio sèrvelle para elaborar as narracións que compoñen *Cerco de ferro* (1994) e que preceden o seu último gran éxito, tamén premio Xerais, *O cervo na torre* (1994). En 1996 publica a súa última novela *Morte de rei*. De 2003 é *Mitos e memorias*, onde reúne novos relatos, maiormente épicos e memorialísticos, nos que o autor procura a construción do espazo mítico e atemporal da Terra de Nós.

Na mesma órbita cunqueiriana encóntrase a primeira novela de Xosé Fernández Miranda, *Historia dun paraugas azul* (1991) na que tamén se advirte a presenza de Ferrín e Tago. En 1994, de Xosé Martiño Montero Miranda, *Oxalá voltassem tempos idos! Memorias de Filipe da Amancia, pajem de Dom Merlim*, que recupera a Cunqueiro para a fabulación histórica de signo ideoloxizante.

Nos inicios dos noventa pásase da tendencia anterior por realizacións alegóricas a unha intencionalidade puntual, convertendo a alegoría anterior en realismo máxico.

8.7. A ÉPICA CONTEMPORÁNEA:

Manuel Rivas (A Coruña, 1957). Formado no xornalismo introduciuse na literatura nos anos setenta como poeta. En 1985 publica unha novela curta *Todo ben*, na que xa se adiviña unha vontade de renovación da estética convencional. O salto á popularidade prodúcese en 1990 con *Un millón de vacas*, unha colección de estampas fraccionadas que coinciden no modo secuencial coa proposta rupturista que Suso de Toro puxera en marcha con *Polaroid* (1986). En 1991, *Os comedores de patacas*, unha peza de orientación xuvenil que se achega ás contribucións de tipo urbano daquel momento, nas que se advirte unha preocupación pola conflitiva dualidade dos modos de vida rural e urbano na sociedade galega. Premio da crítica en 1994 por *En salvaxe compañía* na que conxuga dous tempos do relato: un contemporáneo, mostra unha vez máis a desestruturación do mundo rural galego, outro, mítico e atemporal, seres irrealis e almas transmigradas median entre a cohorte de seguidores do rei Don García an busca da súa salvación, que é a da comunidade. A obra de Rivas, moi ben acollida polo público, increméntase co libro de relatos *¿Que me queres, amor?* de 1996, que inclúe o relato “A lingua das bolboretas”. En 1998 volve á novela con *O lapis do carpinteiro*, premio da crítica española, unha novela na que o elemento



fantástico fai novamente aparición nun contexto completamente realista. Ambientada na súa meirande parte na Guerra Civil española, combina unha historia sentimental e un tanto melodramática cunha sabia observación dos mecanismos de represión, focalizados a través dun carcereiro. A novela foi levada ao cinema por Antón Reixa en 2003, interpretada por Luís Tosar e María Pujalte, entre outros, e ao teatro pola compañía Sarabela, estreada en Ourense no ano 2000. A súa última gran novela é *Os libros arden mal* 2006 que acadou un gran número de premios, entre eles, o da Crítica española e o da Asociación Galega de Escritores.

8.8. NOVELA DE AVENTURAS.

Dentro de toda esta dinámica de renovación vai ter especial importancia o diálogo que os autores manteñen cos clásicos da literatura universal, é tamén nestes anos cando proliferan as traducións ao galego destas obras. O máis destacado neste punto é a decantación que se produce na novela histórica en concorrencia co xénero de aventuras: Stevenson e Conrad perfílanse como eixes primordiais no modelo de creación.

Xavier Alcalá reemprende a finais da década o camiño iniciado nos oitenta, polo que perseguía unha narración na que se deran cita o mundo actual e o pasado, a representación de Galicia e a súa manifestación americana, o cotián e o extraordinario. En *Código morse* (1996) introduce facetas da ficción aventureira, que van desde a obtención de riquezas indianas ao descubrimento do tesouro familiar. No ano 1998, en *Alén da desventura* centra a trama no mundo marítimo ferrolán que á súa vez dá pé a introdución de escenas de conquista, espionaxe e navegación en tempos de haexemonía marítima británica e española.

Tamén Xosé Miranda, frecuentador de ficcións fantásticas, acode ao terreo das peripecias históricas con *Morning Star* (1998), rendendo unha homenaxe antolóxica ao esquecido universo da bandidaxe galega.

En 1996, seguindo tamén o camiño dos clásicos, Xavier Queipo sorprende con *O paso do Noroeste*, unha novela que se sitúa nos albores da Revolución Francesa a bordo dun navío cunha misión estratéxica polas augas norteamericanas. Na mesma liña presenta en 1999 *Malaria sentimental*, unha novela ambientada en Camboia. O protagonista, un botánico occidental en misión académica baixa aos infernos da selva, caos e principio universal, para no confesado “corazón das tebras”, renacer á consciencia de si mesmo e do mundo.



8.9. NARRATIVA FRAGMENTARIA:

A literatura galega de finais de século, no eido da narrativa, logo de explorar coas posibilidades do xénero en canto á temática, vai desenvolver unha tendencia á fragmentación narrativa, acompañada de intentos de subversión dos canons de xénero. De aí a proliferación de pezas que, tomando como base a novela, inciden na utilización dos máis dispares rexistros, introducen códigos propios doutros xéneros e aínda doutras artes e se reafirman na necesidade de mostrar unha visión pluridimensional da realidade, con multiplicación de enfoques, parcialización dos discursos e incorporación de voces e rexistros combinados, apuntando a unha composición polifónica. O

fragmentarismo implica a vontade de desestruturación, o impulso da deconstrución, a subversión da orde discursiva. As producións que atenden a este modelo caracterízanse fundamentalmente pola exposición de secuencias abertas, aparentemente autónomas, aínda na súa inconcreción, pero á vez integradas nunha globalidade de aspecto múltiple, nunha estrutura cambiante e incluso amorfa, pero que se rexe por unhas leis propias.

Desde a aparición, en 1984, de dúas pezas de catalogación atípica: *Historia do Rock'n Roll*, de Antón Reixa e os relatos de *Caixón desastre* de Suso de Toro, os intentos por encontrar unha forma de expresión que respondese aos retos da sociedade actual fóronse multiplicando. O propio Suso de Toro ofrece en 1993 unha mostra coa súa obra *Tic-Tac*.



Xelís de Toro (Santiago, 1962). Despois da súa inicial *Seis cordas e un corazón* inaugura a década con *Non hai misericordia* (1990). A seguir ofrece a súa terceira entrega *Terminal* (1994), de moi ambigua clasificación por canto as brevísimas secuencias narrativas apuntan ao discurso poético, á vez que invita ao manexo de códigos audiovisuais, dramáticos etc.

As tentativas para incorporar un discurso máis complexo tiveron resultados diversos, algúns dos cales apuntan a unha intencionalidade claramente provocadora, mostrando un saldo rupturista que non sempre atopa xustificación atendendo a criterios de calidade. Algunhas editoriais fixéronse eco da necesidade de estratificar as súas vías de produción, o que as levou a crear coleccións que deran cabida ás creacións máis heteroxéneas. Nesta órbita encóntranse as producións de Edicións Positivas, de decantación claramente vangardista, así como a colección Ferros, de Xerais, ou Docexvintedous, de Sotelo Blanco, que abriron as súas portas a obras de moi diversa autoría: Andrés Álvarez Vila, Jaureguizar, Xavier López López ou Xurxo Souto.



Xurxo Borrazás (Carballo, A Coruña, 1963). Saca á luz en 1991 *Cabeza de chorlito* unha novela na que a reflexión sobre o feito da creación literaria exerce como fío condutor que dota de sentido as secuencias que non parecían gardar relación. Recibe o Premio da Crítica Española en 1994 pola novela *Criminal*, na que se aprecia o achegamento a unhas inquietantes relacións interpersoais no seo da Galicia subrural. Aposta por un enfoque narrativo fragmentario, plural e insólito, de gran acerto. Continúa en 1996 con *Eu é*, os personaxes principais escapan do mundo actual para, nun imprevisto momento, efectuar un salto no tempo e na ficción, da que forman parte desde a súa orixinal condición de criaturas verosímiles. En *Contos malvados* de 1998 as historias entrecrúzanse e amalgámanse, aínda que antes as fronteiras espaciais, temporais e actanciais entraron nunha difusa nebulosa fronte ao que, sendo inverosímil, pode ser posible. De 1999 é *O desintegrado*, do 2000 *Na maleta*, *Pensamentos impuros* 2002, *Ser ou non* 2004, e a recente *Costa Norte/ZFK* do ano 2008 na que Xurxo Borrazás fai unha incursión nunha zona de pesadelo industrial cun espazo físico e unhas relacións sociais opostas ás que coñecemos, ou non tanto, nun futuro que é apenas unha sofisticación do presente. Unha novela esteticamente impactante e radicalmente anovadora que nos fala da soidade do individuo, dos límites da natureza, das fronteiras do



humano e do noso medo a espertar, a que o monstro do real afogue a nosa capacidade para seguir a imaxinalo todo.

Xavier Queipo, pseudónimo literario de Francisco Javier Vázquez Álvarez




(Santiago, 1957) a partir de *Ártico e outros mares* (1990) inicia un ciclo insólito na narrativa galega, que é o da dsescuberta marítima. A esta experiencia únese, en 1994, *Ringside*, outro volume de relatos nos que se acentúa o carácter explorador deste autor. En 1993 cobra un aspecto diferente con *Diarios dun nómada* que se escapa a toda clasificación xenérica. No mesmo ronsel atópanse *Mundiños* e *Contornos* (ambas de 1995), unha serie de reflexións aparentemente ciscadas, pero que unen dous fíos transversais: o mundo animal como xustificación e a conduta humana como meta. *Manual de intruccións* de 1999, constitúe, xunto coas anteriores, o conxunto desa fórmula heterodoxa que rompeu definitivamente coa unidade argumental e que presenta un forte compoñente autorreferencial, aínda sen renunciar á ficción. A outra liña de Queipo, máis convencional, reuniu as achegas marítimas e reflexivas en torno á aventura e a iniciación á vida: *O paso do Noroeste* (1996), *Malaria sentimental* (1999). Outras obras do autor: *Papaventos* 2001, *O ladrón de esperma*, contos, 2001; *Os ciclos do bambú*, contos, 2003, *O Espello e o Dragón*, literatura infantil, 2004; *Dragona*, novela, 2007; *Saladita*, relatos, 2007...

8.10. A NARRATIVA BRAVÚ:

Trátase dun fenómeno recente. Movemento que ten como fundadores e únicos representantes a Xurxo Souto e Santiago Jaureguizar.

Xurxo Souto (A Coruña, 1966), e un cantante, acordeonista, escritor e locutor. Licenciado en filoloxía clásica. O labor que o fixo máis popular foi o de líder e vocalista da banda de rock galego *Os Diplomáticos de Monte-Alto* entre 1990 e 2001, pero Souto desempeñou diversas ocupacións e cargos ao longo da súa carreira.



Desde 1986 comezou a traballar en diversos programas de radio en galego, sendo o máis coñecido *A tropa da tralla* en Radio Coruña. Tamén colaborou con varias publicacións, como a revista *Bravú*. Entre outubro de 2005 e xuño de 2009 foi subdirector de programas de Radio Galega, onde tamén dirixía *Aberto por reformas*, espazo caracterizado pola emisión exclusiva de música en galego. Coa chegada á presidencia da Xunta de Galicia de Alberto Núñez Feijoo foi destituído como subdirector de programas, abandonando a dirección e presentación de *Aberto por reformas*.

Como escritor, ten publicado os libros de relatos *A tralla e a arroutada* (1995), *Fumareu* (1997) y *Tres trebóns* (2005); a novela *O retorno dos homes mariños* (1999) e a recopilación de artigos *Contos da Coruña* (2001), todos editados por Edicións Xerais. Ademais, recentemente formou o grupo musical *Os Tres Trebóns*, onde se encarga da voz e do acordeón. Tamén traballou como actor en producións galegas como a exitosa serie *Mareas Vivas* ou a longametraxe *Entre Bateas* de Jorge Coira.



Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965). Xornalista de *El Progreso* de Lugo. Encadrado no movemento Bravú. Como narrador publicou os seguintes libros: *Fridom spik* (1995); *Comendo espaguetis diante da televisión* (1998), *A rutina corsaria* (1998); *As horas sucias* (2001); *Breve crónica universal da clase obreira* (2001); *Casa Skylab* (2003), premio Xerais; *O Globo de Shakespeare* (2008), Premio Terra de Melide. Foi pioneiro na introdución da literatura galega na rede, con proxectos como "Familia feliz" en www.vieiros.com ou a web www.infimos.net. Tamén ocupa o posto de "vocalizador" en Elvicristo Machine, grupo de narrativa trip-hop.

Como creador de literatura infantil e xuvenil ten as seguintes obras: *A Cova das Vacas Mortas* 2006, *A rutina corsaria* 1998, *¡Balea morta ou lancha a pique!* 2002, *Plastilina nos pulmóns* 2006, *Salitre* 2000, *Todo a cen* 1996, *Unha cabana na lúa* 2006.

Tamén se poderían incluír aquí a Camilo Franco (*En malos pasos*, 1995), Manuel Seixas (*A velocidade do frío*, 1996) e Fran Alonso (*Cemiterio de elefantes* 1994, *O brillo dos elefantes*, 1999)

10. MODELO DE COMENTARIO

Comentario de “*Lucinda*”, texto 1 da antoloxía.

Un dos méritos de Neira Vilas é a súa proxección popular, a facilidade para conectar coa emoción das xentes galegas, o que lle permitiu acadar unha gran resonancia ao longo da década dos 60 e dos 70. Esta circunstancia estaba tamén no ánimo do escritor, que vía a necesidade de gañar lectores para a literatura galega no momento en que o idioma comezaba un lento despegue cultural. As novidades narrativas que poidamos encontrar en Neira Vilas, as máis das veces permanecen nun segundo plano debido ao deliberado realismo e ao afán de que as súas creacións sirvan de espello reflectante do pobo galego. Non obstante a súa técnica sinxela e de raíz tradicional está amecida con recursos modernos e recorre con certa frecuencia ao simbolismo para tecer cadros paradigmáticos da precariedade da condición humana, traspasando os límites concretos do ámbito espacial no que se sitúan.

“Lucinda” é o relato número trece dos vinte que conforman o libro *Xente no rodicio* publicado en 1965. Lonxe do ruralismo pintoresco ou costumista, os relatos do libro salientan os trazos dramáticos desa sociedade, achegándose en ocasións ao naturalismo. Neira Vilas sitúase no ronsel de Castelao, aínda que o tratamento dos asuntos se realice dunha forma menos emotiva e máis crúa, conseguindo ademais que a visión do drama colectivo acade un alento universalista, sen deixar de estar fortemente enraizado na realidade galega. Trátase dunha visión desesperanzada dun mundo atrasado no social, no económico, cultural e relixioso, que non permite outras saídas fóra das que conducen á degradación humana, e estas resólvense como resignación, tristura, frustración, humillación, violencia ou morte.

O relato que nos ocupa ten como protagonista a Lucinda, muller da vida, que monologa nun bar, mentres bebe arreo, fai repaso da súa vida: evoca os condicionantes económicos e sociais que marcaron a súa infancia, así como o motivo desencadeante que a levou á vila e á prostitución. Un narrador testemuña, que introduce a escena, asiste agachado ao parrafeo de Lucinda e logo sae do bar, remoendo nas súas lembranzas o día en que forzou á protagonista.

A secuencia de motivos que preside o relato organízase do seguinte xeito: unha estrutura de poder inxusta (*Hai dúas clases de xente: a dos que remangan a xostra e a dos que van diante dela. Uns mandan e outros son mandados*) determina as diferenzas sociais, que implican a miseria de moitos (*Non sei como pode haber quen pilla de todo mentres outros langrean*) e conduce á servidume (*Cando tiveren dez anos fun servir*). Como resultado, tal situación permite a violencia dos que están por riba (*Tratábanme mal. Todos eran a bourar en min – unha mañá tumboume na horta disposto a esforzarme – sen máis deitoume ao pé da cachopa. Dei un berro irto*) o que, en última estancia, conduce á degradación física e moral da protagonista (*Somos lixos de coiro morno; preas sen cheiro – Entre vós e a fame está o meu corpo estragado*).

A focalización narrativa xira arredor da visión de dous narradores: un deles enmarca coas súas intervencións o miolo do relato; corresponde á voz de Alberte, quen corrobora e obxectiva a veracidade da historia de Lucinda. O segundo narrador é a propia Lucinda que relata, a través dun monólogo, a súa propia historia, centrada na desgraza e sobre todo na violación, a un auditorio implícito que non intervéen no seu discurso. Só ao comezo o primeiro narrador intervéen no monólogo para introduci-lo: ... *xa tanto me ten – dicía – estar aquí ou alá*. Mais a voz da protagonista chega a nós a

través do relato do primeiro narrador que é quen nos traslada o discurso íntegro do seu monólogo, consciente da súa culpabilidade (*Tiven noxo de min*) nun intento de expiar o seu delicto.

A estrutura do relato está en relación coa focalización ou punto de vista e correspóndese con cada un dos tres parágrafos de que se compón o texto.

- A primeira unidade estrutural contén a voz do narrador-testemuña, que introduce a historia e presenta a protagonista.

- A segunda, recolle o monólogo de Lucinda, dirixido a un auditorio mudo, que relata a historia da súa desgrazada vida.

- Na terceira, o narrador-testemuña pecha o conto descubriendo ao lector a súa participación na historia de Lucinda como elemento desencadeante da situación á que se ve abocada e confesa a súa culpa.

O personaxe central da historia é **Lucinda**, que dá título ao relato. A través do seu monólogo, que serve de autocaracterización, amosa a súa visión negativa da vida, presentándonos o perfil dunha vítima social. Outro dos personaxes é **Alberte**, narrador testemuña, que completa con breves pinceladas a caracterización de Lucinda: *Así era Lucinda. Tenra e barullenta. Falaba a treu; procuraba vencer a soidade que a envolvía [...] Ría con tristura mal disimulada, e unha carantoña profesional estaba fixa no seu rostro sombrizo*. O nome da protagonista, relacionado coa luz, contrasta co clima escuro e sombrío que preside o relato; á vez que ten que ver coa lucidez que destilan as súas palabras, que poñen de manifesto a consciencia da interrelación entre a súa situación e os condicionantes externos que a levaron inexorablemente á vida de *pendanga*. No conto de Neira Vilas detéctanse trazos que o abeirán á estética do naturalismo: o determinismo do medio, a selección social que establece o privilexio duns poucos sobre a maioría, as condicións de existencia embrutecedoras derivadas da explotación, con especial relevo dos instintos sexuais, e un pesimismo fatalista respecto ao destino do ser humano. Alberte, introduce e pecha o relato, corrobora a historia de Lucinda. A mención do seu nome marca o eixo climático, tanto na historia referida por Lucinda como no final do relato, cando as últimas palabras deste narrador testemuña, revelan a súa directa implicación nos feitos referidos pola muller: *Erguinme con mentes de voltar, e neso chegou el, Alberte, o fillo da ama[...] Lembreime [...] de miña nai cando me dicía: “Alberte, non abures a rapaza”*

Os clientes do bar, anónimos e mudos, aparecen implícitos no relato converténdose en narratarios da historia contada por Lucinda. A súa presenza evidénciase a través das interpelacións que fai a protagonista: *Vós non podedes entenderme, sodes da outra banda. “Pero vós non sodes quen de sentir mágoa por unha muller da miña caste”. “Rides do noso rir. Pensades que non pensamos”. “E vós aí, divertíndovos á miña conta.” “Non sabedes quen son, nin de onde veño”. “A ver, ti, bótame outro garrucho de viño”. Etc.*

O espazo onde acontece a escena referida é o interior dunha taberna prostibularia dunha vila ignota. No relato non existen referencias explícitas a este espazo interior, aínda que si están enfocados, de forma sucinta, os exteriores do local: a penas dous adxectivos condensan eficazmente a atmosfera escura, realzando o ton sombrío da historia desde os seus inicios: *Camiñando por aquela rúa **soturna** e **pecadenta** deron os meus ollos nela*.

A mesma economía na descrición do espazo aparece tamén na evocación de Lucinda. A súa infancia aparece vinculada a un ámbito rural no que ecoa a presenza do estío: *“Crieime de leira en leira, enredando coa millán e cos grilos”*. A dramática experiencia relatada aparece envolta na escuridade da noite e na sombras do outono, simbolizando o negro destino ao que se ve abocada a protagonista: *“Foi unha **tardiña**, polo **outono**, mentres coidaba o gando no monte [...] A **noite** víñase deborcando*.

Canto a **estrutura temporal**, advertimos unha dupla temporalidade, por unha parte, o tempo determinado polo narrador testemuña, que introduce e pecha a narración, e constitúe o momento presente da historia. A duración axústase bastante ao tempo real ao introducir o relato de Lucinda a través do monólogo, aproximándonos ao realismo durativo (coincidencia tamén co tempo de lectura). No monólogo da protagonista encontramos un tempo evocado, o relato non se traslada ao pasado, pero nesa evocación nárrese a traxectoria vital da protagonista, referida de maneira sintética, que abranguería unha duración imprecisa, no pasado, de moitos anos. No entanto, todo o relato está situado nun tempo presente e cunha duración mínima.

A narración é a modalidade discursiva predominante, máis unha vez, nun duplo plano, o do narrador e o de Lucinda. O discurso desta está inzado de digresións sobre a súa visión da vida, da miseria, da violencia, da degradación. E de apelacións a uns interlocutores que non a entenden: “*Vós non podedes entenderme*”. “*Pero vós non sodes quen de sentir mágoa por unha muller da miña caste*” etc.

A descrición está practicamente ausente no texto. As escasas pinceladas descritivas procuran subliñar o ton sombrío do relato a través de adxectivos cargados de valores negativos: *rúa soturna e pecadenta, rostro sombrizo, sorriso traidor, malvadoso, corpo estragado...* Deste xeito a economía de recursos dota o discurso dun ritmo áxil.

O estilo da linguaxe tamén contribúe para ese dinamismo. Predominan as oracións curtas, en moitos casos xustapostas e coordinadas, que xunto coas frecuentes reticencias no monólogo de Lucinda, fornecen o conto dunha gran expresividade. A depurada linguaxe literaria amosa un afán de concisión e de suxestión que se manifesta no entrecortado discurso, na feitura das imaxes e na elusiva mención a aqueles aspectos que revelan a presenza do sexual: “*Miña nai traballaba polo día, e de noite sempre viña algún peillao quentarlle as pernas*”. “*Un día quedou para adiante, e o serrador liscou para non apandar co fardel*”...

Existen no relato dous momentos climáticos, un é o da violación, motivo central do discurso de Lucinda que ela lembra *coma se fose hoxe...*, que serve para explicar, xustificar, entender... a súa situación actual. O segundo momento climático figura como remate do conto e está logrado mediante a sorpresa que proporciona a revelación da identidade do violador que non é outro que o propio narrador que nos traslada o desgarrador monólogo da protagonista. O cal pecha o relato envolto nun sentimento de culpa. A expresión literaria desa culpa faise a través dunha sintase entrecortada que retoma os elementos espaciais, temporais e emotivos do relato de Lucinda:

*Tiven noxo de min. Lembrime daquela **tardiña no monte**. E do **berro**. E da **cachopa**. E de miña nai cando me dicía: “Alberte, non abures a rapaza”*

Só o viño, motivo recorrente no relato, serve á protagonista como evasión, dálle folgos para asumir, resignada, e expesar a súa desgrazada vida e constitúe, ao mesmo tempo, un outro indicio da súa degradación.

Nin sei por que falo. Será o viño que me abura.

Bótame un gurracho. O viño fai medrar os azos.

Non, non choro; tal vez o viño...

(Tirado de: Gutiérrez Izquierdo, Ramón. *Lecturas de nós. Introducción á literatura galega*. Ed. Xerais. Vigo 2000. (Adaptación). Neste libro podes encontrar máis modelos de comentarios literarios.)

ANTOLOXÍA DE TEXTOS

TEXTO 1

Lucinda

Así era Lucinda. Tenra e barullenta. Falaba a treu; procuraba vencer a soidade que a envolvía. Poida que xa nin eso lle importase. A aldea quedaba lonxe; era un recanto amado rebulindo na lembranza. ¡Pobre Lucinda!... Camiñando por aquela rúa soturna e pecadenta deron os meus ollos nela. Ría con tristura mal disimulada, e unha carantoña profesional estaba fixa no seu rostro sombrizo. Bebía viño branco e falaba. Entrei no bar, procurando que non me vise, e cando se bateu tras de min a porta de ferro, chegoume a súa voz.

- ...xa tanto me ten – dicía – estar aquí ou alá; durmir ou beber ou falar. A vida é un adival. Pódese encartar e deixar que podreza en calquera recuncho, ou consentir que siga atándonos. ¿Chístavos a comparanza? O mellor fora non nacer. Quedar no escuro para sempre. Ou cando menos que nos desen un mundo máis levadeiro. Non sei como pode haber quen pilla de todo mentres outros langrean. E non falo só de codelos... Vós non podeades entenderme. Sodes da outra banda; dos que andan por derriba. Non me refiro soamente á cama... Hai dúas castes de xente: a dos que remangan a xostra e a dos que van diante dela. Uns mandan e outros son mandados. Eu ben sei deso. Porque eu... ningún leva aturado tanto. Pero vós non sodes quen de sentir mágoa por unha muller da miña caste. Somos lixos de coiro morno; preas sen cheiro. Rides do noso rir. Pensades que non pensamos. E eso, derriba de todo e demais, doe de certo... Nin sei por que falo. Será o viño que me abura. E vós aí, divertíndovos á miña conta, ollándome coma cadelos. Non sabedes quen son, nin de onde veño. Se vos contase... Miña nai andaba ao xornal. Vivía nunha caseta e deitábase cun serrador portugués. Un día quedou para diante, e o serrador liscou para non apandar co fardel. De alí a pouco nacín eu. Crieime de leira en leira, enredando coa millán e cos grilos. Miña nai traballaba polo día, e de noite senpre viña algún peilao quentarlle as pernas. Eu era pequena pero non tardei en decatarme de todo aquilo. Ata o portugués voltou unha mañá, traendo laranxas para a “súa crianza”. Cando tiveren dez anos fun servir. Tratábanme mal. Todos eran a bourar en min. A ama nin sequera me deixaba poñer a roupa vella das súas fillas. Pero afíxenme a aturar. A todo se afai unha cando non hai escolla. A ver, ti, bórame outro gurrucho de viño... Daquela recachei por primeira vez. Aínda no fixera catorce anos. Foi unha tardiña, polo outono, mentres coidaba o gando no monte. Senteime ao pé dunha cachopa. Coma se fose hoxe... a noite víñase deborcando. Comezaban a mesturáreme nos ollos as vacas cos fentos secos. Erguinme, con mentes de voltar, e neso chegou el, Alberte, o fillo da ama. Máis dunha vez tentara entrar no meu cuarto, e unha mañá tumboume na horta, disposto a esforzarme. Pero non saíra coa súa. Agora estaba alí, no monte. Eu collín grimo. Vós non podeades entender. Alberte achegouse cun sorriso traidor, malvadoso. Dixo algo coma para si, e sen máis deitoume ao pé da cachopa. Dei un berro irto que resoou ao longo do monte. Defendínme a máis non dar ata que fun perdendo as forzas. Estaba vencida. Sentín o peso do home e as súas mans, tremantes, acariñándome. Sentino dentro de min... Aquelo foi o comezo, a primeira burla. Sabía a historia de miña nai. Botei de conta que ese era o meu destino herdado, coma quen herda unha eiva. Un destino de pendanga... Non. Non choro; tal vez o viño... Despois de Alberte foron outros. Xa tanto tiña. Boteime a rolar ata que cheguei á vila. Entre vós e a fame está o meu corpo estragado. Arréndome para ir indo. E cando chegue a vella... Bórame un gurrucho. O viño fai medrar os azos. Ben digo: fora mellor non nacer. O adival ataféganos... ¿Ti, meu rulo, pensabas deitarte hoxe comigo? Pois xa está. Cando queiras. Estou para...

Saín do bar. Lucinda seguía bebendo e falando. Boteime a camiñar sen rumbo, vagarosamente. Tiven noxo de min. Lembreime daquela tardiña no monte. E do berro. E da cachopa. E da miña nai cando me dicía: “Alberte, non abures a rapaza.”

Xosé Neira Vilas, Xente no rodicio.

TEXTO 2

Arrabaldo do norte

Diante miña hai una fiestra. Ou millor dito, un chinelo cadrado de carta e media de lado. Cun único cristal. E máis alá do chinelo, as rúas, as prazas, o arrabaldo sen nome de rúas embeleñadas, de prazas inagardada, o barrio norte da vila. Pouca senté na vila podería dicir de sí mesmo que coñece, como eu coñezo, iste sistema de prazas comunicadas antre elas por unha madeixa de rúas incoherentes, que contitúi o arrabaldo do norte. Ante ista zona (tán mollada, tán barolenta) da vila e máis eu, existe unha sorte de comunicación estreita. Dísto pode dar fe calquera dos primeiros, dos auténticos veciños do arrabaldo do norte. Pode dar conta calquera habitante do arrabaldo do norte que non seña un dises homúnculos orgullosos, reconcentrados, tímidos e malvados que, desertando das bisbarras esteparias do sul, viñéronse establecer eiquí, antre nós, e pretenden figurar que son algunha cousa porque comparten consnosco o aire, o tépedo e húmido aire de nosoutros. Que o diga calquera de nosoutros, poño por caso o doutor Kleines pra pór por exemplo a un conveciño destacado que ao mesmo tempo pasa por ser un dos milllores coñecedores da pequena historia local e, como tal, é consultado polos eruditos que, no centro, investigan sobre do pasado da vila. Que diga o doutor Kleines se eu coñezo ou non coñezo beno o arrabaldo do norte, se eu lle teño suministrado, en ocasións, datos valiosos con que arrenquentar o seu ficheiro, oo non lle teño suministrado. O que digo é ben certo. Eu nacín no barrio norte da vila e sei que, no que respeita a istas cousas, posúo a verdade, anque seña somentes unha pequena verdade.

Nista parte da vila non se trazóu plan urbano ningún, non estaba previsto que a vila medrase cara o norte. O norte era daquela a zona dos prados, dos pequenos corarelos húmidos, dos muíños, dos regueiros por todas partes. Ante prado e prado, carreiros. Ante agrupacións de prados, corredoiras. En realidade, a vila non arrasóu, medrando cara o norte, a zona dos prados. Foi a zona dos prados que se modificou de seu, fíxose arrabaldo de seu e axuntouse á vil de seu. Ao pé das corredoiras, sobre do chan tan vexetal e tan vivo, abrollaron as casas, coma fungos. Estendéuse a proliferación de casas-fungo por toda a zona norte dos prados. Despois, as corredoiras deixaron de ser corredoiras e os carreiros deixaron de ser carreiros. Rúas, iso, pequenas rúas; convertíronse en pequenas rúas sen dirección fixa, canellóns, curiosísimos calexóns sen saída. Chegados a iste punto, omunicipio da vila meteun man e fixo algunha transversal e dispuxo un bon número, un cecaís escesivo número, de pequenas prazas de forma vagamente elíptica, ovoide ou polo menos arredondeada. E así é, sen historia, sen carácter, o arrabaldo noso, o arrabaldo norte da vila.

Veleiquí unha fiestra. Ou millor dito un chinelo cadrado, de apenas carta e media de lado, cun cristal único. Máis alá do cristal está a praza, a pequena praza ovoide, alumada por un soio farol adosado a un muro que fora branco, verde agora nas suas tres cartas partes por unha especie de mofo, balor, ou carriza moi lene. O vento, por tras do muro, arrinca un fungar poderoso a algo que pode se un albre ou un grande pé de edra.

Il pode ouvir o fungar indeterminado que ven máis alá do muro. O que non pode é distinguir ben a praza. A lus do farol, que caí sobre da sua cabeza, prémítelle distinguir sobre qué clas de banco está sentado. Premítelle apreciar que está sentado nun banco de madeira, pintado de verde e agora non completamente verde, despintado en tres ou cartro zonas pola acción, evidentemente, de cinco ou seis invernos de chuva. Il ten o cóbado apoiado no respaldo e cun dedo vai percorrendo os sucos de navalla, os letreiros insculpidos máis ou menos completos, de muller. Il tiña un cóbado apoiado no respaldo e a man correspondente collendo, coma unha grande pinza, o papo. Agora ten as duas mans nos petos do pantalón, as costas contra o respaldo do banco, as pernas ben alongadas e dereitas, cons calacañares no chan e as puntas do pé pra riba. Decátase que a lus do farol, caíndo a cachón sobre da sua cabeza, prémítelle distinguir sobre qué clas de banco está sentado e o que xa caro lle custa distinguir ben é cantas son as rúas que desembocan na praza, cántas son as casa que dan á praza (determinando a su estrutura máis ou menos elíptica), cántos e a calidade dos obxectos que existen no espacio da praza.

Seguido pola aceira do muro está a porta dun garaxe ou armacén, de coor escura, indetremidamente escura, dividida en dúas follas pesadas, cada unha das caís consta, á sua vez, de dous panós. O primeiro panó da folla da dereita está cuberto de manchas arredondeadas ou ovulares de distintas coores. Despois: unha casa baixa con patín, unha rúa

desembocando na praza (unha rúa sen iluminar, estreita, coma un río de sombra), outra casa con patín e dúas xanelas, e outra casa máis con patín e il non sabe cantas xanelas, pois a lus do farol non lle deixa ver máis, nen mellor, nen máis lonxe. Non lle deixa ver a casa pequena, cáseque casoupa, sen patín, coa porta da entrada a ras da terra e unha única fiestra, ou millor, un único chinelo de carta e media de lado, mais alá de cuio cristal, de cuio único embazado cristal eu vexo, eu espreito como il pon unha perna enriba da outra e continúa dando a volta en redondo á praza, coa ollada entrebecida e curiosa: outra casa con patín e tres xanelas; verxa de ferro, xa máis iluminada; un muro que antigamente tiña sido caleado e agora parecía verde nas súas tres cartas partes, por causa de unha especie de mofo, balor, ou carriza moi lene que criaba. E o banco. E no banco, á súa esquerda a carpeta. (...)

X. L. Méndez Ferrín. Arrabaldo do norte (fragmento, Editorial Galaxia, Vigo, 1964)

TEXTO 3

A orella no buraco

A superficie está lañada xustamente por onde falta a pintura. Anteriormente tiña sido verde agora era moura, denegrada, marrón, arruicada. As estillas eran máis claras. O respaldo continuaba sendo verde e contrastaba con negro enfurruxado das patas de ferro. Halgunhas partes, sobre de todo nas estremidades había pequenos buracos.

Despero con dor. Teño unha orella metida nun dos buracos máis grandes. As miñas mans penden a amabas as bandas da táboa lañada, engandíndolle dúas patas ao banco, dúas patas curvadas e redondas cunha base sobresaíndo contra fora como un sillón estilo luis XV.

No banco, no extremo oposto de onde se atopa a miñas cabeza, sobresaen as punteiras rpmpidas dos meus zapatos. Ergo un brazo con cuidado, comporbando que este desplazamento non afecta en absoluto á estabilidade do banco. Apoando un brazo no respaldo, e cun pequeno pulo, podo por fin tirar a miña orella do buraco, mentres coa outra man valeira apalpo a orella. A miña man arrédase instintivamente como se recibera unha descarga eléctrica. Un pouco estrañado volvo a intentar o achegamento. Esta ves de vagar, e comprobo que a miña orella está quente. Tócome a outra e está moi fría, igual que amiñas mans, como todo o meu corpo. Decátome de que teño frío, e o meu corpo comenza a tarnbelear, a treme. Volvo a achegar a miña man á orella. Podería intentar quentala. É agradable. Agora podo pensar. Penso. Poden ocorrer dúas cousas:

1ª Que a miña orella quente á man.

2º Que a man arrefrie á orella.

Estudando ambas posibilidades chego a esta conclusión: tendo en conta que todo o meu corpo está xeado excluindo a orella, é máis probabel que sexa esta a que termine arrefriándose, e será mello retirar a man da orella e continuar pensando pra resolver a situación.

Teño unha orella quente. Esta orella está quente porque estaba introducida nun dos buracos máis grandes que hai no extremo do banco e, posibelmente, metendo a outra orella no buraco consiga quentala e deste xeito chegar a ter as dúas orellas quentes. Teño, logo, que buscar o buraco.

Xirando a miña testa, desviando os meus ollos cara esta superficie sobre de cal estou deitado en posición dorsal, non tardando en decatarme de que nesta posición non podo perceber exactamente o relieve xa que vista así a superficie ten un aspecto regular dabondo, sendo polo contrario o corido moito máis variado.

María Xosé Queizá, A orella no buraco, (fragmento, Editorial Galaxia, Vigo, 1965)

TEXTO 4

Coma lobos

Agora pasóu xa e non hai paragüeiro que o arranxe i é millor calar por si acaso, por si volven e te untan e che dín viña vostede connosco, que cho poden decir, e te levan, que te poden levar e méntente alí naquil cuartiño e preguntanche ¿ónde estaba vostede o sábado ás dúas da mañá?, eso por che preguntar algo, e ti non sabes qué decir e sóltanche un viaxe i aguantas porque inda que non queiras, aguantas, Eduardo, aguantas ou te perdes, aguantas como aguantan todos, anque despóis os amigos che digan ti non tes o que ten que ter un home porque si mo fan a min mórdolles o corazón, que todo o mundo é moi valente, todo o mundo, pero xa se viu que cando entraron na taberna e preguntaron polo Roxo, ninguén se atrevéu a defendelo i eso que todos eran amigos dil, pero cando lle dixeron Roxo, veña vostede connosco, ninguén protestóu. I agora o Roxo está podrecendo i o mal foi dil que morréu por se meter onde non debía, que o tiñamos ben avisado, que lle tiñamos ben dito mira, Roxo, que vas acabar mal, mira que vas por mal camiño, pero el era testarudo e non fixo caso, porque volta que todos os homes somos iguais e que temos dereitos, home sí, eso sabémolo todos, me cago na puta, tamén o sei eu, pero non se pode falar, que non, home, que non se pode i hai que aguantar e deixar os dereitos i as valentías a unha beira e si mexan por ti, deixa que mexen, que pró que han de levar... E de nada che val que vaias alí e lle digas aquí estóu eu que son irmau do Roxo e veño a lles preguntar qué fixeron do meu irmau, que lle como o fígado ó desgraciado que fose, que non che val de nada e vanche decir que eles non saben, que alá o xuez i ó millor cóllente e mañá apareces ti tamén tirado nunha cuneta. I ó que te azuce e che diga que non eres home, que non eres merecente de ser irmau do Roxo, dille que cale, que a vida é así i o que manda, manda i o que non, non manda nada, dígocho eu, Eduardo, dígoche de corazón que a ti non te nomearon pra nada, pra nada, Eduardo, pra nada, porque o meu fillo é testigo de que soilo lle dixeron ten que vir connosco pra arranxar un asunto i o teu irmau díxolles que non iba, que il estaba bebendo e que non tiña nígún asunto que arranxar fora de alí i entón iles sacaron as pistolas e xa non falaron máis i o Roxo miróu prós compañeiros e preguntóulles ¿é que xa non hai homes? e iles calaron coma mortos pois outra cousa non se podía facer si non querían morrer todos alí e naquil intre chegou a Sara e díxolles ¿ónde levan ó meu home?, pero non lle contestaron nada, que eu penso que iles iban cocidos, que o Roxo ero moito home e tiñan medo que se lles repuxera. Mandárono subir á camioneta branca e marcharon con il cara o monte do Sarnadoiro. O demáis xa o sabes ti. Aparecéu morto dun tiro na cabeza. Agora xa pasóu. I é millor calar. Tamén calóu o medico cando lle levaron ó fillo. Sonche cousas da vida e dos homes, que somos coma lobos unhos prós outros, coma lobos, Eduardo, dígocho eu, coma lobos.

Carlos Casares, *Vento ferido*, (Editorial Galaxia, Vigo, 1967)

TEXTO 5

O Xudas

Chamábanlle Xudas. Il non sabía por que. Andaba a pedir. Entraba nos bares polas noites e decíanlle. “Xudas, baila unha rumba”. Bailaba. “Xudas, canta”. E cantaba “Granada”. Sempre cantaba “Granada”. Ó rematar pasaba a gorra e botábanlle unhas cadelas. Tamén sabía dous contos: o do crego i a pita i o do neno parvo. Por contrar o do crego cobraba unha peseta. E polo do neno parvo pedía un peso.

Os contos insinárallos o vello Tomás, un zapateiro que vivía á beira do río e que tiña unah barca. Insináralle tamén a armar con visgo para pillar paxaros. O vello Tomás sabía moitas cousas. Algús decían que era bruxo, que bebía sangue e que adiviñaba a sorte. Pero non era certo. Ó Tomás queríanlle mal porque era republicán. Un día levárano á cárcel porque lle dixo a un garda que lle quería bater: “Viva la igualdad”.

O vello Tomás andaba malo. A xente decía que iba morrer.

O Xudas pensaba que podía ser porque o vello non era o de antes. Estaba sempre calado e xa non arranxaba zapatos. Soilo subía de cando en cando na barca a dar un paseo polo río e voltaba canso. “Está pra pouco”, pensaba.

-¿Ocúrrelle algo, Tomás? –preguntáballe o Xudas.

-Non, rapaz.

Pero o vello Tomás non era o mesmo. Pasaba as horas á porta da casa, cavilando.

-¿Qué pensa, Tomás?

-Penso na vida.

Dende aquela, o Xudas cando o vía así, calado, non lle decía nada. Sentábase á súa beira i estíbese quedo pra que o vello Tomás poidera pensar na vida.

Iba tódolos días a velo.

-Tome dous pesos que fixen onte.

-Non, rapaz, non me compren os cartos.

O terceiro día colléullos e díxolle gracias.

Despóis collíallos sempre. E decíalle gracias.

Unha mañá o vello Tomás non se pudo erguer. Non se tiña de pe. Estaba blanco e cáseque non se lle vían os ollos. A eso das dúas chamóu ó Xudas e díxolle:

-Vou morrer, rapaz.

E xa non volvéu falar. Ás sete morréu.

Enterrárono antronte.

O chaparrón caíu de golpe i a xente corréu a se gardar debaixo dos soportales. Alustraba. Un cego, soilo no medio da plaza, camiñaba paseniño, xa todo mollado, a buscar abrigo. Un limpiabotas escoitaba as noticias deportivas nun transistor. Ouvíase mal por causa da tronada. Había un cheiro raro no aire e facía calor.

O rapaz miraba prá chuvia, que batía con forza sobre dos coches aparcados.

Estuvo chovendo toda a tarde. Unha parella de mozos queixábase de que aquilo era un noxo.

Como non deixaba de chover, o rapaz saíu correndo. Meteuse nun bar. Estaba cheo. Chamárono dende o fondo pra que fora cantar. Cantóu “Granada”. Pagáronlle un vaso e díronlle un pouco pulpo. Bailóu a rumba. E contóu o conto do crego i a pita i o do neno parvo. Bebéu máis. Bebéu e cantóu hasta que a xente empezóu a lle dar voltas na cabez. Berróu tres veces seguidas “Viva o Real Madrid”, chamóulle puta a unha señora e botárono fora. Foise. Un can mollado camiñaba coma sin dono. Chamóuno: Tití, ven, ven, tití. O can achegóuse, cheiróu ó rapaz e fuxíu. O Xudas ríuse e dixo: “Son un can”. Pasaba unha muller i o Xudas pedíulle unha peseta. A muller deulla. O rapaz miróuna e ladroulle: guau, guau.

Ás dúas da mañá colléu pola carretera do cuartel. Detívose nunha placiña rodeada de casas que tiñan os cristales rotos. Non chegaba ningún ruído hasta alí. Entróu nun portal. Deitouse no primeiro descanso das escaleiras. Doíalle a cabeza. O reló da catedral díu as tres. Despóis quedóu todo en silencio. Estuvo un bó anaco de tempo buscando unha postura axeitada pra dormir. De repente entrólle un medo raro no corpo. Púxoselle a pel de galiña. Secóuselle a boca. Baixóu as escaleiras de tres en tres.

A placiña estaba deserta.

Quixo vomitar i arrimouse a unha parede. Vomitóu.

Tronaba. Tiña ganas de mexar. Miróu pró ceo. Dixo: Son un can.

Levantouse vento.

O verau tocaba ó seu fin.

Carlos Casares, Vento ferido, (Editorial Galaxia, Vigo, 1967)

TEXTO 6

Retorno a Tagen Ata

VII

Ceamos nunha grande sáa tapizada de veludo granate. Penduraba no centro da peza unha enorme lámpaza con pantalla de raso marelo que alumeaba a mesa circular sóbor da que estaba disposto con mericulosidade un completísimo servicio. Pequenos e grandes tapetes con incrustes e pesados brosolados recobrían canto mobel había na peza, sorbían todo soído de voz ou metal, aplacaban, amataban a atmósfera, amolecíanme a min mesma. Servíanos unha fremosa doncela vestida con traxe nacional de Tagen Ata. A altísima cófea obrigábaa a manter o pescozo ergueito, coma o dunha rula cando escoita. Notéille aquela desconcertante ollada de apecto que detectara xa no criado. Relocía a prata e os viños adelgazábanse no fino cristal. Artificioso, Ulm Roan manexaba os cubertos, con desdén i elegancia, nos clásicos tres tempos da escola american de urbanidade, denotando, con tan lene afectación, os seus estudos xuvenís en Harvard. Vínno triste e preocupado.

-Hai algo que non vaia ben? –dixen.

-Hai.

Ollóume longamente, de novo sentínme fascinada.

-A benevolencia de Terra Ancha con respecto ás nosas reivindicacións pódese vir abaixo.

-E logo?

Erguímonos da mesa. Tomamos na man copas de coñac. Ulm Roan calóu. Pola fiestra aberta, procedente da visgosa primavera, fixo entrada no comedor un esgrabello cornudo, solemne e zoante coma un autoxiro. Un anaco do bosco entróu, noitébrego, co grande insecto e metéu en min calquera cousa de enorme e antergo.

-Non se pode falar en presenza dos cirados –dixo Ulm.

-E logo por qué?

-Sospeito con fundamento que son espíjias.

-Da policía? Dos servicios segredos?

-Por suposto que non. Dos outros.

-Os outros? Qué outros? Quén son os outros?

-Os <<cimarróns>>. Imos ao terrado.

Docemente, Ulm Roa pasóume unha man polas costas e apertóume contra sí. Saímos ao terrado, no piso alto do chalet. A pacífica noite de Tagen Ata chegaba a nós, coma unha gasa. I envovíamos, con zoído e lisura. Díu en chover moi maseliño e, ao lonxe, o Grande Bosco queixóuse igoal que un río. Achegéime a Ulma Roan, que me pasóu unha man pola cabeza. Non nos arretiramos, deixamos que o orballo mollara as nosas camisolas e as apegara á carne.

-Os <<cimarróns>> poden provocar ao goberno de Terra Ancha e impedir os nosos ouxetivos de utonomía. Pódeno desfacer todo.

O contauto con Ulm Roan, conféssoo, trasladábame a un estado doce perda de min mesma. Deixéime, cos ollos fechados, elevarme e xirar un espacio rosado. Pero, dende o mesmo núcleo do vértigo e do amor, algunha cousa poliédrica impeliame a seguir preguntando.

-Dí, quén son os <<cimarróns>>?

-Sabes que o centro vital da nosa economía é o moncultivo da vide nos vales do Sul. O viño é a base das exportacións de Tagen Ata, apreciado como íl é no mundo, e proporcionalle unha sustanciosa fonte de divisas á Terra Ancha. A máis sustanciosa, despóis das remesas dos emigrados en países de moeda forte. Pódese mesmo decir que, mercede aos emigrantes emáis ao noso viño, Terra Ancha equilibra o seu **budget**.

-Pero, quén son os <<cimarróns>>?

A choiva, mainamente, tiñamos posto coma pitos. Nervoso, Ulm Roan apertóume e bicóume nos ollos.

-Os <<cimarróns>> son os campesiños –criados, caseiros e xornaleiros- que se revoltan contra a autoridade dos propietarios e, tras de prantexaren reclamacións imposibles, cometen actos de violencia nas fincas, tales coma mitins, mesmo incendios, póñense en contubernio fraternal cos operarios industriás, que están –xa sabes- envenenados, etc. etc. Perseguidos pola xusticia...

-De Tagen Ata?

-De Terra Ancha, por suposto. Pero de acordo co **ius** natural, que salvagarda o dereito de propiedade.

-Perdoa. Prosigue.

-Perseguidos polas forzas da lei e do orde, os rebeldes amontónanse. Refúxianse na Grande Fraga. Alí constituíen hordas, con mulleres e nenos. Algún país nemigo proporcionalles armas.⁵

-Nemigo de Tagen Ata ou de Terra Ancha?

Coma un lóstrego, Ulm Roan arrédase de min. Cólleme polo pescozo cunha man. Ergue a outra, co índice apuntando ao ceo. O seu longo narís treme e atópoo fremoso umo un deus, coa cabeleira lisa e mollada, as pingas escorréndolle pola face, alumeado por tras.

-Decátaste de que as nosas posibilidades de autonomía véñense abaixo si os <<cimarróns>> conquiren irritar positivamente a Terra Ancha? Inda non sabes todo. Ises esfarrapados criminosos adoutaron a bandeira nacional de Tagen Ata e proclámanse milicia da I.T.A, cando os seus verdadeiros fins son desposueren aos señores naturás do Sul, em áis aos propierarios nonestísmos das factorías da zona de T., e implantaren por todas partes a anarquía social! Automáticamente, os verdadeiros patriotas vémonos obrigados a disolver a I.T.A., e a nos presentar. Diante Terra Ancha cunha face distinta: Non había outra alternativa.

-Dende que cheguéi a Tagen Ata non tiven máis que dúbidas. Agora vexo todo craro. Entréi na habitación. Olléime un espello. Notéime mollada e distinta. Como máis vella e máis forte. Ncera outra Rotbaf Luden? Coido que non⁶. Lancéille ao vidro unah cohscada cómplice. Logo, Ulm Roan colléume polo van e bicóume. Entreguéime. Moi docemente levóume en brazos ao seu leito. Tiña planeado, dende a miña adolescencia en Anatí, que asíñ había de ocorrer algún día.

VIII

Ao mencer sentínme cansa, disgustada. Cunha sensación de ter penetrado máis no senso profundo da miña liberdade. A door física fora soportable, e fíxoo máis a delicadeza, un pouco inxénua mesmo, de Ulm Roan. Il durmía de costas no enorme leito de caoba, caíddolle, revolta, a cabeleira sóbor do tórax espido e arremuiñádoselle coma unha enxurrada de ouro derriba da almofada.

En silencio, duchíme. Laveíme, freguei o meu corpo todo, meticulosa, maniáticamente. Vestínme pantalóns e botas. Una nube vermella púsoxeme diante dos ollos.

Toméi do bolso a miña pistola. Con coidado, para non espertar a Ulm Roan, carguéina, montéina. Sin sentir nada apuntéi, dende moi perto, á caluga do traidor Ulm Roan. Abondóu un tiro: apenas un estremecemento, non se alterou a posición do seu corpo. Os disparo reprecutíume –foi curioso–, cunha door aguda e súpeta, na zona do himen. Descolguéi un coitelo da paoplia e, coa punta, grabéi fondamente no lombo de Ulm Roan as tres iniciás da I.T.A.

Cando abrín os ollos, volvendo en min da horrorosa visión, tíñaos cheos de bagullas picantes. Acheguéime a unha mesiña i escribín:

<<Ulm Roan:

Estás trabucado, que é a maneria máis académica que atopo pra decir que es un traidor. Sei que non collerás bon camiño porque fas parte da grea dos poderosos, e mesmo lle dás beleza e coor aos seus principios. Serás, seredes rebasados. O vento da historia sopra de outro ponto. Estóu fondamente namorada de tí. Quíxente dende sempre e quereréite sempre. Adéus pra sempre.

Rotbaf>>

⁵ A axuda extranxeira aos chamados <<cimarróns>> endexamaís poido ser probada. Os historiadores do mevenmeto insurreccional parécense inclinar por outra hipótese. Os <<cimarrón>>xuntaron un bon tesouro como resultado de diversas operación de espropiaición –atracos a bancos e grandes empresas non nacionás- e mercaron armas a traficantes privados diversos.

⁶ Esta reflexión de Rotbaf Luden está versísimilmente influída polo grande númarto de matamórfosis ocorrido en Tagen Ata cen anos atrás, segundo as lendas, a máis famosa das cales fora a transformación de Nhadrón en corvo. A xente de Tagen Ata mantivo, dende aquela etapa, unha curiosa desconfianza sóbor da permanencia da propia morfoloxía e unha conciencia fulída e dúplice do propi eu. Quizáís, o feito de sentírense divididos ante unha personalidade naciona propia e unha estrutura estatal imposta teñen condicionado –ou determinado- ise complexo senso da coherencia persoal.

Deixéi a carta na mesa de noite e lancéi a derradeira ollada a Ulm Roan, que respiraba fonda e docemente.

Atopéi no pasigo á doncela, sin o traxe nacional da víspora, que se poantou diante miña cun aspecto dinámico i eficiente. Sin dubidar un intre, avanzou cara min cunha clara ollada interrogadora.

-Estas connosco? –espétoume sin preámbulo.

Eu soupen, nun lóstrego, que estaba a falar cun dos meus. Asolaguéima na ledicia e collínlle as mans á rapaza.

-Débeste unir sin tardanza á Resistencia.

-Ula a Resistencia?

-Na Grande Fraga. Zabrate diráche as contraseñas emáis o camiño.

-De acordo.

A moza entrou nunha habitación. Voltou de contado co criado, que adoutaba agora un ar máis severo e preocupado que no intre en que me abriu a porta. Dixo:

-Esperamos moito de tí. Tiñamos confianza en que non te deixarías convencer polos traidores. Meu nome é Zábrate, do comité loca, encarregado no Els Bri da vixilancia sobre Ulm Roan.

Zabrate i Els Bri olláronme con fixeza e serindade. Proseguíu íl:

-Embaixo teño un cabalo preparado. É millor que partas antes de Ulm Roan espertar. Debes seguir o camiño real vello e atravesar, moi devagar, o bosco. Cando che dean o alto responde: <<Vou a cas de Percival>>⁷.

Máis nada.

-<<Vou a cas de Percival>>.

-Iso mesmo.

Bicámonsnos nas meixelas Els Bri e máis eu.

Zabrate sorriu amplamente e chocóume a man.

IX

Entrei na Grande Fraga co cabalo ao sobresalto. Bébeda de luz verde e do rosmar bestial queu conmovía o ámbito, lancéime a un loucado agallope, espaventando corvos e silenciando á rula. Freí, logo, e desmontéi pra camiñar a modo pola beira de estrada vella. Trepéi na herbiña mol, desfíxen boscos de fentos cos meur pes e sentín as botas molladas polo orballo. Toda a selva brilaba, despóis da poalla noitebrega, cunha estrelliña en cada folla. Enchín o peito co ar tépedo, pesado, do bosco en primavera. Chamábame o pobo. Eu acudía. Ferririños minúsculos esepitábanse de amor ante ramallos.

A Coruña. Agosto, 1970

X. L. Méndez Ferrín, Retorno a Tagen Ata, (fragmento, Editorial Castrelos, Vigo, 1971)

⁷ Percival é un personaxe mítico de Tagen Ata. Existen moitas versións –de tradición oral e máis de elaboración culta– da súa condición. Coinciden todas en que é o dono da Grande Fraga e máis no seu carácter sumamente ubícuo, humorista, intelixente, tímido e xusticiero.

TEXTO 7

Crime en Compostela

Capítulo I.

O azar non pode ser responsable de todo.

(Louis Charpentier, en Misterio de Compostela)

Era ben seguro o máis inesperado e extraordinario que lle suxeriran desde que, uns sete anos antes, un norteamericano apelidado Stevenson lle propuxera ir a Nova Iorque e facerse aventureiro internacional. ¿Aventureiro internacional? Era para escachar... ¿E por que precisamente el? O americano, alto e corpudo, despois de fitalo longamente, respondéalle:

-Sei que ti e-lo tipo indicado.

O tipo indicado ¿para que?

-Para iso. Eu entendo; xa verás como non me equivoco.

Sen pensalo moito, como se -a falla dunha cousa mellor- se guindase a un abismo necesario, aceptara aquela proposta. E durante o voo ata os Estados Unidos non deixara de repetir:

-Isto é absurdo. Isto é completamente absurdo. Isto é o máis absurdo que me pasou.

Era a mesma frase que, uns sete anos despois, repetía -aínda que con menos énfase e máis divertimento- nun avión de Iberia que se dispoñía a despegar do aeroporto de Madrid-Barajas con destino ó de Labacolla, en Santiago de Compostela. Porque, a pesares duns e doutros reparos, o certo era que nestes dous casos -como en moitos outros- aceptara as ofertas. E isto era o que contaba. Por outra banda, na base das cousas máis interesantes que lle ocorreran en toda a súa vida atopaba sempre decisións desta caste, que un día tamén alcumara de absurdas e tolas.

Mentres o avión rodaba cara a unha das pistas de despegue de Barajas, Nivardo Castro creu percibir pola ventaniña unha dimensión distinta do aeroporto, algo que, por máis que pescudou coa ollada, non foi capaz de expresar en palabras. Ocorríalle, como lle ocorrira outras veces, que o aeroporto que tiña diante non lle parecía o mesmo desde os establecementos de terra que desde o avión. Era como se lle trocaran a perspectiva, e o acougo que disfrutaba antes de embarcar, na cafetería, lle fora de súpeto arrapañado e substituído por inquedanza dentro do aparato. E este cambio atribuíao ás luces das pistas, á velocidade do avión..., a calquera elemento externo que non implicase recoñecer que lle daba medo voar. Porque esta era a verdade: Nivardo Castro sufría o que uns chaman aviofobia e outros -se cadra soamente máis pedantes- jet síndrome. E, por máis vontade que poñía, desde o mesmo momento en que subía ó aparato, na súa cabeza aloxábase unha conclusión trascendente e desencantada: O ser humano é unha cousiña pequerrecha e indefensa que pode desaparecer nun repente sen que lle importe a ninguén nin nada cambie no mundo. Era algo no que el, home de acción, non matinaba endexamais... Soamente cando o avión acendía os seus motores e comezaba a escorregar a modíño cara á pista de despegue.

Despois de tomar para sí esta conclusión -uns poucos minutos de espanto e abraio-, alentaba forte, acomodábase no asento e dispoñíase a le-la revista ou o xornal que mercara no quiosco do aeroporto. Así pasaba en tódalas viaxes..., pero non pagou nesta, porque, despois de olla-las pistas e establecementos de Barajas, despois de face-la meditación trascendente do ser cativiño e indefenso, despois de alentar forte e rete-lo aire un pouco nos seus pulmóns, Nivardo Castro recordou por que estaba naquel avión. E entón non puido deixar de sorrir.

-Isto é, cando menos, ben divertido -dixo entre dentes.

E sen querelo, quizabes convidado polas reflexións xurdidas a rentes do seu medo ós avións, Nivardo Castro deu en rememora-la súa vida, que se lle figurou de súpeto chea de acontecementos soltos, illados, entre os que case non era capaz de establecer unha relación. Desfilou primeiro diante dos seus ollos a súa crianza na ríspida montaña de Mondoñedo, poboada do queirogas en flor, abundosas xesteiras e incontables variedades de toxos, que el aínda lembraba nas súas denominacións orixinais: arnios, canos, gateños, brañegos, molares... Eran os seus anos de nenez rural, de alindamento e de labranza, nunha terra tradicional de

labregos, moi pouco antes de que un ardido cura convencera ós seus pais de que o mellor camiño para el, tanto no espiritual coma no material, era face-los estudos eclesiásticos. El coñecía daquela o Mondoñedo algareiro e ledos dos días de feira e mercado e das outonais festas de As San Lucas e, cando lle falaron de ir para esta vila, acolleu a idea con compracencia. Pero moi pronto tivo que coñecer un Mondoñedo ben diferente: silandeiro, melancólico, medieval e levítico, no que o ben e o mal, case inexistentes na realidade, mantiñan unha atrafegante e esmagadora contenda teórica.

Nivardo Castro lembrábao todo como se non pertencera á súa vida, como algo que non lle tivera pasado a el: As clases de latín, os exercicios espirituais, as horas de recollemento... Todo aquilo quedaba moi lonxe. En cambio, si que se recoñecía naquel rapaz de dezaseis anos que, botado do Seminario, regresaba avergoñado, pero tamén ditoso, ós seus campos e vivía enfeitizado as súas primeiras experiencias eróticas e amorosas. E recoñecía, tamén, naquel que, ós dezaoito anos, se sumara a un fluente correntío de emigrantes a Europa: Aquel mozo que varreu ruas en Alemaña e apeitou con longas xornadas de traballo ó sol nas estradas francesas... E que deu cos seus ósos, despois do sorteo do servizo militar, nun Sahara intitulado Español.

Relembraíao todo moi ben e recoñecía como de seu. Ali, naquel Sahara, fora atraído pola Lexión e nas súas filas alongaría a súa estancia tres anos de sol doente e miúdos sirocos. (Anos que, máis tarde, en Nova Iork, recordaría con agarimo, perdido nun medjo hostil e aventasmal, recheo de rascaceos e descoñecidos.) E ós vintecatro anos viuse de volta na península e sen traballo. Coñecera a unha ferrolana chamada Cristina, que exercía o seu antigo oficio en Las Palmas, e establecérase con ela en Madrid. Nestas circunstancias estaba cando, aquela noite -había xa un setenio-, un norteamericano apelidado Stevenson e de nome Arthur Frederick o fitara longamente, dun xeito provocador, nun clube chamado "Small Trumpet."

Rememoraba no avión rumbo a Santiago a incomodidade (e inclusive a doenza) que lle causara entón aquela ollada dominante, esculcadora e fría, que semellaba dirixida a un porco ou a unha vaca coa fin de estimar ou tanxela-lo seu peso... Non puido sustraerse ó engado de recordar aqueles momentos. E outra vez atopouse, pola virtude da lembranza, diante daquel xigante de ollada fera, a piques de dirixirse a el para reprobarlle aquela actitude. Pero foi daquela cando o norteamericano deu dous ou tres pasos, achegouse ó Nivardo e, con acento gangoso, de borracho, díxolle:

-Ti es un gran tipo, Robert. Ti es un gran tipo.

-Eu non me chamo Robert. Eu chámome Nivardo, ianqui de merda.

-Ou, ianqui de merda, é moi belido, gústame. Eu penso o mesmo ca ti dos ianquis -dixo.

Logo sorriu, paseou pola sala unha ollada bébeda e gardou un longo silencio. Pero de súpeto volveuse, brincou diante de Nivardo e meteulle un xeonllo na boca do estómago. O Nivardo dobregouse dorido, rodou ó pe do mostrador e, durante uns segundos que lle pareceron interminables, retorcese e boqueou coma un peixe fóra da auga, no entanto os seus ollos estarulados parecían a piques de abandona-las súas órbitas. Cando puido por fin ergue-la cabeza e dirixi-la ollada cara ó seu rival, viuno de costas, descoidado e outra vez acobadado no mostrador.

O Nivardo ergueuse como puido, apretando a boca do estómago co antebrazo esquerdo, e foi cara ó americano co ánimo de propinarlle a súa mellor puñada. Pero o adversario, que permanecía distraído soamente na aparencia, revolveuse e, despois de facer un célere desprazamento lateral, afundiulle o puño esquerdo nos riles e o defeito outra vez na boca do estómago.

O Nivardo Castro logrou trabarse na barra do mostrador e non caer, pero a ollada anubóuselle e percibiu que os seus pulmóns demandaban cada vez máis osíxeno. O xigante americano nin o ollou; recobrou a súa expresión indiferente, acobadouse na barra e deulle un sorbo longo á súa consumición. O Nivardo sospeitou que o seu rival agardaba un novo ataque e que toda a súa pachorra e o seu desleixo non eran máis que unha treta para que se confiase e ter outra oportunidade para mallalo. Comprende entón que aquel home co que se estaba a pegar non era un borracho. Nin o era nin o estaba. E, se era así, ¿por que estaban a pelexar? Soamente atopaba unha verdade: Que recibira tódolos golpes repartidos desde o comenzo da liorta. Isto enchíao de rabia e facíalle pensar en tirarse para diante ás cegas. Pero unha voz cautelosa cuchicháballe, persuasora, que, se ía para adiante, outra vez se repetiría a mesma acción e o norteamericano remataría por quebrarlle o costelame.

Dirixiu a ollada ó redor e descubriu a curiosidade nas caras dos outros clientes, de súpeto convertidos en plácidos espectadores. E daquela tivo que refrear de volta o pulo de botarse a

el... Foi a rastro polo chan ata onde estaba o norteamericano e, cando chegou cabo del, limitouse a dicirlle:

-Vouche parti-la alma, ianqui de merda. Antes ou despois, habémonos atopar... e heicha partir.

-Atoparasme aquí -respondeu o xigante americano sen volveuse.

O Nivardo saíu do clube a trambilicóns. O estómago doíalle cada vez máis, como se nel se lle chantaran unha ducia de costelas rotas. Atravesou ruas sen sentido, levado pola rabia, e foi parar, ó cabo, ó "Pub Mastín", onde adoitaba face-la noite a súa compañeira Cristina. Entrou e pediu, a seguido, dous cubalibres dobres. Cristina preguntoulle qué lle pasara. El soamente respondeu que estaba canso e que se ía deitar.

Durante varios días non volveu polo clube en que o golpearan e mesmo chegou a pensar en non volver endexamais. Pero, mentres a dor física minguaba co paso do tempo, outra dor medraba ata facérselle insufrible no ánimo. Cristina, que o atopaba teimudo e amuado, preguntáballe qué lle pasaba. Pero el non contestaba. Ou limitábase a dicir que non pasaba nada que non tivese remedio.

Pero un día, despois de almorzar, ergueuse decidido da mesa e dixo:

-Isto non pode quedar así e non vai quedar así. Eu non son un cobarde nin lle teño medo a ese cagán.

Envaiñou unha cativa pistola na chaqueta e meteu unha navalla no peto de atrás do pantalón. Saíu á rua, colleu un taxi e deulle ó conductor o enderezo do "Small Trumpet". A contaminación e a noite confabuláranse para entebrazar Madrid. As luces cintilaban cun cerco de avelaíñas mortas, minúsculas e residuais, xurdidas dos centos de miles de tubos de escape que trafegaban fumeantes polas ruas.

O taxi deixouno na entrada do clube. Cruzou a modo o paseo lateral, traspasou a soleira e, xa dentro, ficou a carón da porta, mentres os seus ollos se acostumaban á escuridade duns vermello faroliños. Cando puido distingui-las imaxes -e mesmo as faces-, foi cara á barra. De seguida comprobou que o norteamericano non estaba por ningures.

-Coidaba que xa non volverías máis -díxolle a rapaza que se achegou a preguntarlle qué quería tomar. Nivardo volveuse irado cara a ela, pero descubriu na súa face unha expresión pícara de complicidade. Entón pediu un cubalibre dobre. E aínda non o esbicara cando un coñecido ó que lle chamaban Frade -non sabía se de apelido ou de alcume- arrimouse a el e díxolle:

-Vén tódolos días. Chega un pouquiño máis tarde.

Nivardo Castro non sentía ningún temor. Participara en liortas en Canarias, en Barcelona, en Madrid... e non se lembraba de ter estado endexamais tan certo de que ía bater ó seu adversario. Quizabes porque endexamais pasara tanto tempo a elucida-la conveniencia ou non dun enfrentamento. E, canto máis o pensaba, menos tempo lle concedía de pe, diante del, ó seu rival. Por momentos mesmo chegaba a imaxinar -tantas eran as ganas- que o xigante se derrubaba xa antes de chegar a toparlle.

Quizabes o norteamericano soubese loita ou algunha das artes chamadas marciais, pero tamén el as coñecía e tiña por certo que ó seu adversario non lle ían servir para nada. Porque Nivardo pensaba golpear primeiro, golpear a reo e golpear sempre, con toda a contundencia, con tódalas súas forzas; golpes secos, céleres, de difícil ou imposible resposta. Os seus puños ían sucederse como as gotas de auga nunha abátega, nunha arroiada. Así o tiña determinado e resolto: golpear, golpear e golpear sen remanso nin parada. E se, a pesares diso, se torcían as cousas, aínda lle quedaba a posibilidade de abatelo coa navalla ou coa pistola... Pero, ó pensar nisto, tivo a fosca imaxe dun futuro carcerario -que ben podía ser longo e amolado- e un sabor acedo extendeuselle pola boca. Fixo entón o propósito de esquivar, no posible, os males meirandes.

Desde que deixara a Lexión, onde tiña algúns amigos, non lograra entusiasmarse con nada. Buscara traballo e conseguírao nalgúns ocasións, pero nunca dun xeito duradoiro. Volveu entón a lembra-lo rapaz no que non se recoñecía, estudante no Seminario de Mondoñedo, que, a non ser pola irascibilidade dunha hora, quizabes chegase a ser cura e, ¡quen o sabe!, inclusive bispo. E descubriu un contraste forte entre aquel destino posible e o de terminar de matón e ferabrás nun bar calquera por non sabía ben qué motivos.

-Ponme outro dobre.

E, mentres agardaba, rememorou o que veu despois do Seminario. A necesidade de fuxir daquel cerco, daqueles montes tan queridos, daquela escravitude nunha terra que esixía, polo mero sustento, esforzos sobrehumanos. E a emigración. Aquel algareo de mozos a dicir que en Holanda, en Alemaña, en Suíza, en Francia había algo que conquistar, algún premio que gañar.

Pero para iso, para conseguilo, tiñan que ir a aquelas terras... As conversas do domingo, despois da misa, tódolos rapaces a dicírense nunha infusión mutua de ánimos: "Aquí non hai nada que facer", "Eu voume", "Os que se queden sempre serán uns mortos de fame"... E así un día e outro día, ó cae-la tarde, nos encontros fortuítos nas encrucilladas dos camiños, nas pastoraxes e alindamentos por bouzas e cómaros veciños, nas labours e cultivosm compartidos de terras e labradíos. Ata un día no que Ricardo Braña dixo a palabra definitiva: "Eu voume o 5 de febreiro." Aquela xomada nunca a esquecería Nivardo. Emprinciara xaneiro e era un martes pola noite. Nivardo, sen dubidalo, respondéalle: "Eu vou canda ti." "Non pode ser, an-es tes que amaña-los papeis", díxéalle Ricardo, e explicáalle todo o que tiña que facer. Fixéao e, dous meses despois, Nivardo saíra para Francia nun tren bambaleante e preguizoso que se empeñou en durmir en Irún e que...

-Seica me buscabas -dixo o corpudo americano, que acababa de chegar a carón de Nivardo.

-Si, buscábate. Quero devolverche algo...

-¿Sabes loitar? ¿Cres que podes comigo?

-Estou ben seguro. E ti tamén o estarás cando pasen uns segundos.

O americano achegouse aínda máis cun sorriso afable e garimoso nos beizos. Púxolle ó Nivardo un brazo riba dos ombros e díxolle:

-Alégrome moito de verte outra vez. Desde o primeiro momento tiveren por certo que non me trabucara contigo..., pero xa comenzabas a tardarme. Homes coma ti, acautelados, intelixentes, destemidos e fortes, é xustamente o que nos fai falla, o que necesitamos.

Así e ali -como nas máis vulgares películas- comenzara a súa peripecia coa "Stevenson Co.", un pequeno exército de aventureiros, escoltas, detectives privados e gardas de toda sorte e condición, dirixidos polos irmáns Arthur F. e John R., que lle daban o seu apelido á casa central. E, sen transición -voaba xa sobre terras galegas-, viñéronselle derriba os seus anos nos Estados Unidos, a súa etapa de aprendizaxe na "Stevenson" e, sobre todo, as clases de investigación impartidas por un vello teimudo que se chamaba Jack Kirkmann, un home que tiña compendiado todo o seu saber en dúas máximas: "O probable é sempre sospeitoso" e "Cando tódalas pistas apuntan nunha dirección, algo importante fica na dirección contraria"... E tamén as clases do chino taoísta Guo li-yu, que, á parte das artes marciais, ensináalle tres cousas que se lle antollaran de mérito: Que as meirandes vantaxes están na non-acción, que o único desexo intelixente é non ter ningún desexo e que a satisfacción do que sabe contentarse é a única satisfacción perdurable.

Eran aqueles uns tempos que, ó memoralos, enchíano de compracencia, pero, cando ollou o reloxo, decatouse de que estaba xa a piques de tomar terra no aeroporto de Santiago de Compostela. Entón Nivardo Castro pensou, outravolta, na razón pola que estaba alí e un sorriso volveu a randearse nos seus labios. O seu amigo Carlos Conde fora terminante na súa proposta:

-Non te podes negar nin excusar. Coido que sacarás en limpo máis de trescentas mil pesetas e terás aquí ó teu dispor, mentres esteas, un piso amoblado e todo o que che faga falla. Non creo que poidas atopar ningún destino mellor para uns poucos días de vagar. En cambio, ti intentarás desentrañar un raro suceso que ocorreu aquí. Se ó cabo duns días non descubriches nada ou non atopas ningún indicio ou pista satisfactoria, non te ata ningún compromiso, non te-la obriga de continuar. Simplemente para daquela teremos pasado uns días xuntos, que xa teño boas ganas de poñerche os ollos encima. Porque desde que estivemos en...

Estas eran, máis ou menos, as palabras que lembraba. E el, sen máis aclaracións, aceptara. ¿Por que? Non o sabía. Ou quizabes o sabía, porque Carlos Conde, de Mondoñedo coma el, ex-seminarista e ex-emigrante coma el, e hoxe en día xomalista de sona e repórter de varias publicacións de Madrid e Barcelona, era o seu amigo de toda a vida. E por se este argumento non chegase, tiña aínda outra razón de peso: O mellor que lle pasara na vida fora sempre o resultado de aceptar cousas que el mesmo definira, no seu momento, como extrañas ou absurdas. ¿Por que esta non ía ser outra semellante e igualmente positiva? ¿Por que non?

Cando baixaba a escadiña do avión, rematado o voo e, xa que logo, relaxado, confesouse, sen embargo, que tamén aceptara (ou tivera que aceptar) moitas inconveniencias e parvadas na súa vida. ¿Por que non ía ser esta unha máis? ¿Por que non?.. E sorriu de volta. Co avión detrás, camiño da saída, sentíase outra vez un home seguro e o ser humano xa non lle parecía unha cousa tan pequerrecha e indefensa.

Crime en Compostela. Carlos G. Reigosa

TEXTO 8

Desviación de chamada

—¿Sí?

—Ola, bos días. Son Héctor Sabarís. Chamo de parte de Lula, a profesora de francés, que é amiga súa e me deu o seu teléfono. Non sei se ela xa falou con vostede...

—...

—É que estou a facer a miña tese de doutoramento sobre didáctica e ensino en Galicia durante os anos 70 e quería falar con vostede, porque seica foi directora do Instituto de Mondoñedo.

—Si.

—Teño entendido que foi directora dese Instituto a principios da década, ¿non si?

—Fui.

—Ahá. Pois iso é o que me interesaba. O seu testemuño. Como lle comentaría Lula, para facer a tese necesito falar con xente que me poida responder a unha serie de cuestionarios estándar que eu elaborei.

—Ya. Mire, usted habla gallego, ¿verdad?

—¿Se falo galego? Claro. Pois gustaríame intercambiar impresións con vostede, facerlle algunhas preguntas, en concreto en relación con cuestións didácticas do Instituto que vostede dirixía.

—Ya.

—E, se non ten inconveniente, como teño entendido que vostede xa hai anos que non vive aquí, que me dixo Lula que agora vive en Alacante e xa marcha para alá dentro duns días...

—Ya. No, pero mire... Yo, aún esta mañana estuve en Correos, ¿sabe?, y había allí una parejita que eran ingleses, fíjese, y resulta que los pobres estaban absolutamente perdidos y no sabían que hacer. ¿Y sabe usted por qué? Porque no entendían nada.

—Xa, pero, ¿iso que ten que ver comigo?

—¿Con usted? Con usted la parejita no tiene nada que ver, se lo digo porque los pobres no entendían nada porque estaba todo en gallego. Y claro, como eran ingleses, fíjese usted.

—Xa, de todos os xeitos, a min o que me interesaría, se non ten inconveniente, é facerlle chegar o cuestionario, e saber, para non molestala máis, se estaría disposta a contestalo. Como lle dixer, as preguntas están relacionadas con...

—No, molestia no es, pero mire, yo no sé si usted me comprendió, lo que le quiero decir es que no entendían nada, porque les estaba todo en gallego y tuve que ayudarles yo, a los pobres, para que pudiesen enviar sus postales.

—Xa, pero ese asunto non ten nada que ver co que eu lle digo. Eu simplemente quería saber se estaría vostede disposta a axudarme na miña tese respondendo a ese cuestionario que, asegúrolo, non ten en absoluto ningún tipo de preguntas persoais senón que...

—Pero oiga, ¿es que usted no sabe hablar castellano?

—Pois claro que sei, pero non creo que teña importancia agora qué idiomas sei falar eu.

—Oiga, pues si sabe hablar castellano, ¿por que no me habla en castellano?

—Porque non vexo razón ningunha para facelo; non sei por qué vou falar en castelán con vostede, se vostede é galega e vexo que me entende perfectamente.

—Pues por una razón bien simple: por educación.

—Xa, pero por educación tamén me podería falar vostede a min en galego, e eu non lle estou pedindo que o faga. Eu fállle galego e vostede enténdeme perfectamente e vostede fáleme castelán e eu enténdoa perfectamente. Non ve xo onde está o problema.

—Ya, pero podría no entenderlo.

—Pero non é o caso. Eu respecto a lingua que vostede utiliza, non pretendo que me fale en galego. E eu non acabo de ver a razón pola que teño que falarlle castelán cando me entende perfectamente.

—Por educación.

—Por educación, como lle dixer, tamén podería vostede falarme a min en galego. Mire, eu non a chamei para discutir cuestións lingüísticas, o único que quería saber é se está vostede disposta a axudarme respondendo a unhas preguntas por motivos profesionais.

—¿Y no puede usted hablarme en castellano?

—Podería, claro que podería, xa lle dixer, pero non o vou facer porque non vexo razón ningunha para facelo.

—D'accord. Alors, à partir de maintenant, comme vous ne voulez pas me parler en espagnol,

*moi, je vais vous parler en français, parce que je suis dans mon droit, moi aussi, de vous parler dans la langue dont j'ai envie. Alors, débrouillez vous.**

*– Il n'y a pas de problème. Si vous voulez, continuons la conversation en français. Je n'y vois pas d'inconvénient. Mais je vous répète que je ne regrette d'aucune façon votre droit à parler la langue que vous voulez, c'est vous qui me refusez, à moi, le droit de parler en galicien, qui est ma langue. And, if you want, we can also do it in English.***

–¿Ah si? Pois daquela falamos galego, ou que se cre... ¡Eu tamén sei falalo! E ben que o fago, que meus pais non sabían falar outra cousa e é a lingua que eu mamei de nena. ¡Vaia, ho!

**–Vale. Entón, a partir deste momento, xa que non quere vostede falar en castelán, eu voulle falar en francés, porque eu tamén estou no meu dereito de falarlle na lingua que me peta. Así que apáñese.*

***–Non hai problema. Se vostede o quere así, continuamos a conversa en francés, non teño inconveniente. Pero repítolle que eu non lle nego en absoluto o seu dereito de falar a lingua que vostede queira, é vostede quen me está a negar a min o dereito de falar en galego, que é a miña lingua. E, se vostede quere, tamén podemos falar en inglés.*

Fran Alonso, Males de cabeza.

TEXTO 9

Manifesto Urgente

Vivimos nun mundo no que o diñeiro é a liberdade dos caquiñas.(Mentireiro-Verdadeiro, calendario enxebre. Ed. Do 94, páx. 12)

mais tamén...

Vivimos no cu do mundo pero temos bravura para tronzar o Universo todo.

Quero falarvos dese son. Dese cheiro. Dese sabor que corta o fuciño. RESPIRIO E A VIDA ENTRA POLO PULMÓNS ABAIXO COMO O OCÉANO NUNHA FURNA.

ENKONTRO BRUTAL, O REBELISCO DOS TEMPOS. GOLPE QUE DÁ XENIO, QUE DÁ SOLAZ, QUE DÁ A VIDA. E O TOKE DA VIDA CONCIENCIA NON TEN.

MIRO, SINTO, CHEIRO, TRABO. SEI QUE SON PERO QEU SON POLAS COUSAS. SEI QUE SON PORQUE SON DE ONDE SON. E HAI QUE VIVIR NO TREBÓN, carnocho.

HAI QUE VIVIR CON ORGULLO PORQUE O ORGULLO E A DIGNIDADE son O ÚNICO NAVÍO para ZAFAR VOGANDO NESTE INMENSO FUMAREU.

O bravú é unha escusa para contar, para amar histoiras poderosas nos días estes, días tristes de novos caciques.

Hai que cheirar o Mundo aínda que estarreza as ventas.

Eu sín á ruta.

Isto é o que vos dou

NOVENO ESTALO. A CORUÑA-CAPETÓN (TOKE BRAVÚ) DE XURXO SOUTO

O bravú é sobre todo unha escusa para contar historias poderosas. Así o proclama o seu principal proverbio: “Vivimos no cu do mundo pero temos bravura para tronzar o Universo todo” Orgullo e emoción para armar co noso esforzo o noso destino. Orgullo e emoción para contar tamén o esforzo dos nosos maiores. Xa o dixo Novoneyra: “A forza de tanto amor non pode ser inútil”.

Esta é unha historia dos anos 70 con música de fondo dos Rolling Stones. Todos os mariñeiros saben ben onde queda Capetón. No extremo sur de África, Cape Town, Cidade do Cabo na fría tradución literal.

Una marea mítica, Capetón, nas augas revoltas do Cabo das Tormentas, ese que o rei de Portugal mandou chamar de Boa Esperanza. África acaba e comeza o camiño cara A India.

Mesejo, un de Fisterra, era telegrafista da Mercante, con título da Escola de Náutica da Coruña. Fixera moitas veces ruta dende Montevideo a Hamburgo. Esta vez ían cara o Golfo Pérsico, levarlle bens de equipo, neveiras e lavadoras ao Kuwait. O capitán era esloveno, os sexa tipo alemán, e os mariñeiros de todas as costas. No mar, o barco é o país de todos. Só ás veces no comedor haiche a tensión étnica. O cociñeiro é a figura clave do equilibrio dun barco. Mesejo recordaba unha viaxe en que tivera que sembarcar ás presas en Xénova. Os mariñeiros filipinos, os mellores segundo el despois dos galegos, estaban a piques de amotinarse. A comida entráballes pola gorxa pequena. O cociñeiro non daba aquelado o arroz ao seu xeito.

Nesta viaxe non che había debate ningún. O cociñeiro era bon. O barco avanzou cara o sur e ao cruzar Capetón, comexou unha grande tormenta, Mesejo non recordaba outra tal, fóra dunda vez nun petroleiro na badía de Tokio. A tormenta durou varios días terribles de loita contra o mar austral. Cando por fin chegou a encalmada, estaban fronte á costa de Mozambique nunha praia inmensa. Pararon as máquinas e Mesejo, desfeitiño coma todos, puido por fin dedicarse a durmir ao son da música dos Rolling Stones.

Esperárono cun golpe e levárono á ponte. O barco todo estaba cheo de negros armados. A tripulación de xeonllos coas carabinas ben perto da cabeza. A tensión era máxima. O capitán, esloveno tipo alemán, non tiña oportunidade ningunha de entenderse cos asaltantes aqueles. Eran guerrilleiros da FRE.LI.MO., a Fronte de Liberación de Mozambique. A tensión aumentaba. O capitán seguí tentando en inglés unah comunicación imposible. Pero Mesejo era máis cosmopolita. Quitou quen era o xefe dos guerrilleiros polo número de estilográficas que tiña no pero da camisa. Todos ían vestidos igual. E saudounos en galego. Os da FRE.LI.MO alegráronse moito de encontrar alguén que falaba coma eles. Emáis se alegraron cando Mesejo quitou a bandeira de Galicia coa estrela vermella do PSG. Sempre a levaba a canda el no mar.

Para acabar de desenguedellar o conto e marchar con todos os parabéns, Mesejo adaptou un pouco o plan de navegación. Comentoulles que en vez de Kuwait, ían levarlles as lavadoras aos camaradas socialistas do Iemen. O barco levou áncoras e seguiu o seu camiño ao berro de “saúde, compañeiros”.

Os da FRE.LI.MO fixeron a súa revolución e agora están no poder en Mozambique. E Mesejo na Coruña, empregado na Telefónica, xa sabedes todos como se deixou morrer a Mercante. Mais as súas biografías quedaron enguedelladas para sempre. Unidos pola lingua e polo mar, coa música dos Rolling e do Zeca Afonso ao fondo “o que faz falta é librar a malta”.

É que Mesejo, a pesar de andar no mar onde todaa acanea “movil in movile” como dixo o Capitán Nemo, sempre soubo pisar firme. E mesmo anos despois chegou a ser adestrador do Fisterra e con moito éxito. É de crer que un home que deu tantas veces a volta ao mundo, que parou tanto en Brasil e Montevideo, tivo que ver moito fútbol.

Mesejo, un bravo de Capetón, deses que paran nas tascas a canda nós. Coñecín ao seu fillo no fútbol. Historias dos heroe do mar que andan por aí voando a nos lambe as orellas¹.

Xurxo Souto, Fumareu Ed. Ferros.

¹ Historias de Mozambique, alén de Capetón. Historias que agardan ter contadoiro.

Coa FRE.LI.MO tamén se encontrou Manuel Fontaiña de Ribeira, tío de Marcelo, o patrón da Confraría da Dorna de Ribeira. Tanto lles prestou aso guerrilleiros o ben que falaba este home que o colleron como intérprete. Non lle quedou outra que fuxir pola noite do porto coas luces apagadas. É que á senté de Ribeira apréciana en todas partes.

TEXTO 10

Lao Dan

Tres días levaba o matrimonio Castro no interior daquel curato. Fóra caían as folerpas, que cubrían o camiño que abeiraba a porta principal da casa.

Tres días sen novas, quentando mans e pés á calor dun braseiro que alguén acudía a renovar, regularmente, con novo nutrimento. Nin unha palabra, nin un xesto fóra dos imprescindibles, tan só un sorriso sardónico nunha face sucada por milleiros de enrugas e curtida ó ventimperio e ó sol da montaña.

Tres días dunha estraña mestura de incredulidade e desconsolo, de quendar no cabo do mundo, de sentirse preto do obxectivo e descubrir que hai algo que non chegamos a definir moi ben pero que nos impide acadalo, de seguir outra escala de tempo.

-Han de recibir novas. Acouguen.

Foran as únicas verbas que o mensaxeiro lles transmitira logo da súa xestión no mosteiro que dominaba, desde a maxestosidade daquela montaña máxica, a pequena aldea tibetana.

Vas foran as pretensións dunha meirande precisión.

-Han de recibir novas do mosteiro. Ó seu tempo. Acouguen.

-Pero... ¿cando? ¿Mañá? ¿A que hora?

-O seu tempo. Acouguen.

-Pero... ¿non ten máis que dicir? ¿E para iso levou tres días en vir co mandado? Os Castro non atinaban a entende-la imprecisión da resposta a unha demanda tan simple.

Adiantouse o mensaxeiro uns pasos e sentenciou non ton monocorde: “Falar pouco é conforme á natureza. Un vento furioso non brúa toda a mañá, unha chuva violenta non dura todo o día”. Dito isto, acenou con parsimonia coa man dereita para recoloca-la súa túnica laranxa e, xirando na lasitude dos seus calcañares, cruzou o limiar da porta sen dar sinal de excitación ou de descontento, camiñando coa elegancia de quen conserva un corpo elástico malia o paso das estacións.

-¿Que imos facer agora? O noso avión parte de Katmandú dentro de catro días e temos que chegar alá. Non podemos quedar de mans caídas. ¿Ti que dis? –demandou Sabela non sen certo nerviosismo.

-¿Que imos facer? Esperar – dixo Andrés con moita convicción.

-¿E vas quedar aí, calado, inmóbil coma unha árbore vella que non espera senón a morte?

-Acouga, Sabela. Chegamos aquí cun único obxectivo. Estamos preto, moi preto. Faime o favor de ter tranquiliz. Acouga. Xa oíches: teremos novas do mosteiro.

Ámbalas dúas voces ían medrando en intensidade.

-Estou cansa. A angustia de non saber nada durante tres anos. As primeiras novas nos chegaron con Filipe. Os preparativos. A viaxe. E ti, vello lacazán, pídesme que acougue diante dese espantallo, dese macaco que fala con sentencias coma se fose posuidor de tódalas verdades do mundo, que vai semiespido e de sandalias neste tempo infernal.

-¿Que outra cousa podemos facer? Este non é o noso país. Temos dificultades para nos comunicar...

-Ti non es oficial de paracaidistas nin es nada. Ti es un ninguén, un caguiñas, un monstro que botou os fillos fóra da casa, que lles fixo a vida imposible. Un mercenario, un asasino a soldo, un...

-Deixa xa ese sarillo. Non comeces outra volta, Sabela. Ti estás nerviosa e eu tamén. Non teño gana de rifar por tan pouca cousa. Acouga.

Nestas conversas, nas que os Castro demoraban a cada tanto, fíxose noite. Subiron dou criados.un, con nova provisión de brasas, e outro, máis novo, vestindo calzas e chaleque índigo, cunha bandexa onde destacaban senllas cuncas dun caldo fumegante, o servizo de té e unha codias coma de carne salgada cortadas en taquiños e arrodeadas dun mollo verdoso.

Deixaron os criados a estancia logo dunhas probas de respecto moi teatralizadas que semellaron servís e mesmo excesivas ós Castro, pero que eran, sen dúbida, a manifestación de amizade que aquelas persoas, roto o único vínculo posible pola inexistencia dunha lingua común, podían expresar. Quedaban os xestos, e valéranse deles, malia o escepticismo de Andrés e Sabela, afeitos á linguaxe requintada da servidume dos territorios franceses de ultramar onde Andrés servira, en tempos, como regular ou mercenario.

Devoraron a comida, cunha paixón ecléctica de omnívoros convencidos, sen deterse no significado de cada xesto, de cada palabra, sen atinar a discerni-lo porqué da combinación dos agridoces cos salgados, ou sen reparar no papel amplificador do gusto que o té achegaba a aquela colación, tan simple en apraencia coma, en realidade, tan sutilmente equilibrada.

Cando os avisaron, logo dunha noite de bater de ventás desencaixadas e de lento discorrer por causa da ansiedade que asolagab a as súas mentes confundidas, e na que acordaron reiteradamente, recibiron o día con pesimismo e desacougo. A neve cubría os tellados de lousa e debuxaba arquitecturas imposibles na punta das stupas e o vento chifrabra filtrándose polas gretas das paredes de cachotería.

Daquela subira Huo, o patrón, a dálle-la tan esperada noticia. Chegaran na súa procura dous mensaxeiros do mosteiro. Nun inglés que chamaremos así por non ter outra definición dunha linguaxe que mesturaba as palabras anglosaxonas coa dicción chinesa e algo do gaguexa nasal rémora< dun parto traumático, o bo de Huo fíxolles saber que estaban á súa espera na cociña desde que o galo partira a noite.

Deixando de lado calquera inhibición ou pudor, deron un chimpó da cama embaixo e, como axitados por unha forza interior, amosaron na súa precipitación parte das súas vergoñas, que deixaron de selo de contado, cubertas por pantalóns, camisas e pullovers. Nun esquecemento, se cadra transitorio, de máis elemental normativa de hixiene persoal, que aconsellaría cetera ablucións, e sen catar tan sequera unha mísera pinga de auga que liviase os baños que nas rexións pudendas se acumularan durante a noite, baixaron as escaleiras de pedra que ían do andar á cociña.

Sorprendéronse mensaxeiros, servidume e patróns da celeridade dos Castro, ós que recibiron entre sorrisos e certas doses de cacahza oriental. Estaban a toma-lo almorzo e tiñan intención de rematalo, malia a ansiedade manifesta daqueles estranxeiros de reaccións desmedidas, educación dubidosa e falar atrapallado, inestables coma o xeo que xa se fundía tralos vidros.

Logo de espectacular da súa entrada en escena, conseguiron dos presentes especificacións vagas do momento exacto de partida. Chegaron, despois de subi-lo ton de voz, ó firme convencemnto de que sería mellor sumarse ó almorzo e cfacer unha paréntese, que boa falta lles había face-lo estómago ben repleto para afronta-lo camiño polas encostas xeadas e ingremes que desde o val agatuñaban polos rochedos e as paredes de laxes graníticas que constituían a base do retiro monacal.

Comeron papas de cereal con leite de iac e un guisote con máis touciño ca frebas, pero que en previsión da friaxe que os esperaba pareculles moi propio. Estaban nerviosos e ó longo da mañá subiron e baixaron varias veces ó seu cuarto, soñando en cada descenso que había se-lo derradeiro autes da marcha. Tiveron que esperar, con todo, que cedesen o vento e o temporal de neve.

Foi así, polo mediodía, cando, sen mediar palabra, os mensaxeiros lles indicaron cun aceno o camiño da porta, que era o mesmo que convidalos a saír á friaxe do exterior para comeza-la asecensión.

Arranxadas as diferencias de cirterio coa solidariedade que as dificultades amalgaman, o acordo chegou de seguida diante da inevitabilidade da acción. Triunfó o pragmatismo onde antes só había enfrontamento e asimetría de actitudes. Segui-los mensaxeiros era agora o máis, se non o único, importante. Tiñan que chegar ó mosteiro. Non había espacio para dilacións ou discusión estériles. Tiña que ser agora. Tiña que ser xa.

A ascensión non se presentaba moi doada. Enterrábanse os pés nan neve ata os calacáres, cando non ata os xeonllos, e o esforzo dexábase sentir nuns corpos pouco afeitos ó exercicio físico, avellentados na olicie, relaxados os músculos e a vontade na sociedade do ben-estgar. Non poucas veces tiveron os mensaxeiros que baixa-lo ritmo da marcha para esperar por aqueles estranxeiros teimosos e afoutos pero pouco dados a camiñar pola neve no teito do mundo. Era o camiño unha encosta estreita envolvendo unah parede rochosa que deixaba polo exterior unah barranca –sopés de almocreves estarrecidos- tan fonda coma perigosa. Curvábbase cobregueando e reducindo a corda do seu arco de xeito que, logo de dúas horas de ascensión penosa, se decataron da proximidade da chegada polo discreto do radio de curvatura. En efecto, ergueron a ollada ó cénit e alí quedaba, impresioanante, o mosteiro. As paredes de pedra erguéndose, ciclópeas, sen solución de continuidade coa rocha nai, coas ventás bixeminadas e as balaustradas das solainas e os corredores de madeira comestos pola humidade e os liques crustáceos. Os remates de pedra dos tellados cubertos de lousa, con esa fasquía de castelo inexpugnable, de fortaleza resistente a tódolos asedios, de mundo pechado sobre si mesmos.

Un esforzo máis, só uns metros e, logo dunhas escaleiras, a inmensidade dunha porta de madeira de cedro, que só o diaño sabe de onde puideron saca-las táboas para dar semellante altura, pois mentiría se dixese que era menor de sete metros de alto por tres de largo en cada unha das follas.

Alguén estaba a agardar por eles pois non foi preciso sinal, nin toque de aldraba, nin chifre, nin aviso ningún para que a folla esquerda do portón se abrise ó paso dos malpocados camiñantes. Todo sorrisos, un monxe fardado co único e simple conforto dunhas sandalias e unha túnica ametista, franqueóulle-la entrada falándolles nun francés académico e lineal.

Deixaron de cai-las folerpas, amainara o vento e abríanse os seus ollos á vasteza dun xardín do que partían corredores, escaleiras, quenllas e galerías cubertas. Perdéronse os dous mensaxeiros por unhas escaleiras de pedra e mofo denegrido que levaban ó andar superior. Seguiron ó monxe, que continuaba a falarlles mun francés tan formalmente correcto coma morto, por unha especie de claustro cuberto de hedras e convólulos e que remataba nunha sala heptagonal, onde, logo de lles recomendar, vivamente, qaue se acomodasen nans cadeiras alí dispostas, se despediu anunciándolles que o que esperaban, había chegar.

Custoulles acostuma-la vista á semiescuridade. Xa logo, achegáronse ás pareceas onde había pinturas polícromas de gran beleza que relataban episodios da historia desta terra. Fatos de elefantes, mil veces asedados pola infantaría, avanzando por riba de cadáveres de inimigos, carros tirados por iacs e mais por cabalos de ancas poderosas, centos de arqueiros debuxados coa minuciosidade dos ninaturistas europeos, tigres enormes saldando contas de honra, fortalezas arrodeadas, pontes sobre ríos coma lagos, gando fluvial no fulgor da batalla, pazos ornados de ouro, xardín paradisíacos, guerreiros coa cabeza de león, de aguiá ou de caimán, lexións en desbandada, corpos mutilados, carros de ouro levados por príncipes uarigas, navíos ancorados en augas enlamadas, aludes de neve sobre centurias desboradas, máquinas de guerra, enxeños voadores, quimeras, odontogrifóns, unicornios belixerantes, peixes pulmonados, sereas aladas, esfinxes carnívoras, bestas escamudas, dogos, licornes, testácelos xigantescos, lovagantes, animais sen nome, ruínas e miseria, confusión e morte.

Estaban merfullados nesta contemplación cando unha ollada se veu posar sobre as súas costas. Viraron, primeiro Andrés, logo Sabela. Quedaron sen fala.

Diante dos seus ollos, sen face-lo máis mínimo ruído, sen esbozar tan sequera un xesto, sen articular palabra, estático coma se levase naquela posición un milenio, había un home alto e magro, de cabelo rapado e barba feita, vestindo unha túnica laranxa e unhas sandalias e que ollaba para eles con intensidade pero sen paixón.

–Fillo, ¿es ti? –preguntou Sabela con ansiedade pero se ser quen de moverse de onde estaba, ancorada ó chan por un fío invisible.

–¿Es ti, Henrique? –tatexou Andrés, mentres collía da man á súa dona polo aquel de sentirse protexido.

–Son. Son eu. ¿É posible que mudase tanto en só tres anos?

–Pero, ven. Bica á túa nai. Móvete. Fai algo. Non quedas aí chantando coma se fosemos un par de estrños –dixo Andrés de xeito atrapallado pero imperativo.

-“Non hai crime meirande que deixarse levar polos desexos. Por iso, a satisfacción de quen se sabe contentar é a única satisfacción perdurable”.

-Pero... ¿Que dis? ¿Que diaño de salmodia é esa? ¿Por que fuxiches de casa? ¿Por que tes á túa nai con esta angustia?

Logo dunha pausa onde só as olladas entrecruzadas parecías existir naquel silencio tenso, foi a voz metálica de Henrique a que, rompendo o feitizo, soou cun ton monocorde, como recitando sentencias coñecidas.

-“Quen vence ós demais ten forza, quen se vence a si mesmo é forte”.

-Estamos aquí. Somos nós, os teus pais que viñemos de tan lonxe para verte. E ti...

Houbo un silencio de impotencia, de calla-lo tempo nunha sombra ó queda-la frase de Sabela sen rematar. Brillaba a xenreira nos ollos conxestionados e exoftálmicos de Andrés.

-“Pódese amar tamén o que non se posúe, o que queda lonxe, o que fisicamente deixou de ser noso. Eu, desde a distancia, podo velos tódolos días, sentilos tódolos días, amalos tódolos días”.

-Pero... tes que voltar. Os teus amigos, o traballo, os irmáns, a herdanza... Nós queremosche. Querémoste alá, a carón de nós.

-“Non hai desgracia meirande que non sentirse satisfeito. Non hai defecto meirande cá ambición. O que nada posúe é rico pois non sofre coa separación dos bens materiais. Reducilo egoísmo e diminuír-los desexos, esa é a fonte da iluminación interior. Nada teño e nada quero”.

Non se moveran nin un chsico das súas posicións desde o comezo da convers. Henrique estaba, cachazudo e etéreo, baixo a túnica laranxa, ollando para eles así, horizontalmente, atravesando o espacio cos raios que saían das súas cuncas afundidas. Os seus pais, mesmo permanecendo quietos, acenaban sufrindo as mudanzas que as paixóns acostuman transmitir ás faces.

Oíronse, ó lonxe unhas badaladas progresivamente mías graves, como en series de dez ou doce. Henrique avanzou uns pasos na dirección dos seus pais coa maxestosidade e a elegancia que se lle supón ós anxos e ós acróbatas. Colleu languidamente as mans dos seus pais e dixo cun fío de voz:

-Agora, téñome que ir. Non esquezan que estou sempre con vostedes. Tódolos días.

-Fillo, xa... Temos tantas cousas de que falar. Nós coidabamos que...

-“As palabras verdadeiras non son agradables. As palabras agradables non son verdadeiras”.

Dito isto virou as costas e comezou a camiñar cara ó mesmo punto por onde aparecera antes. Soou outra serie de badaladas e chegaron, polas escaleiras que baixaban do andar superior, dous monxes preparados para marchar (poderían se-los mesmos qaue os acompañaran no ascenso, pero non había nisto seguridade ningunha). Henrique parou e, virando a cabeza, dixo en ton medio profético, medio místico: “Os estados veciños albiscaranse desde lonxe, poderase escoita-lo canto do galo e oladrar dos cans, pero a xente avellentará e morrerá sen se visitar”. Foi todo.

De pouco valeron a insistencia temimosa e as chamadas repetidas e patéticas dos Castro, el continuou a súa marcha mentres os monxes-guías avanzaban no sentido oposto. O mosteiro tería que pecha-las portas. Os visitantes non podían quedar alí nin un minuto máis.

Tódolos seus requirimentos para unha eventual segunda visita ó mosteiro foron cortesmente rexeitados. A súa condición de estranxeiros, de vir de tan lonxe, facilitara a decisión de concedérlle-la visita, o que non era normal. Esta xa se levara a cabo. Non había ocasión de discutir nin de suplicar. Como única resposta ás súas desordenadas demandas, convidáronos a deixa-lo mosteiro.

Acompañáronos os monxes no descenso, que foi silencioso e rápido. Paraban, cada pouco, a contempla-la grandiosidade do mosteiro, as pedras lisas lambendo as abas da montaña. Nunha desas ocasións, e cando o conxunto de edificios era a penas perceptible, un

dos monxes, abandonando o seu mutismo vixiante, sentenciou: “Á ledicia acompañaa de preto a desgracia, a desgracia agóchase na ledicia. ¿Quen coñece os seus límites?”.

Parara de nevar e a noite fixérase infinita pola preocupación e o insomnio, pola ansiedade e a friaxe. Ó outro día partirían con destino a Katmandú.

Ó saíren pola porta, aliñáronse os serventes e mailo patrón para despedilos. Huo, adiantándose un paso, deulles un envurullo que contiña notas e debuxos.

-It is from your son. He was living here long time ago, before to joint the school in the monastery.

Colleron o envurullo. Esbozou Andrés un sorriso de agradecemento correspondido pola face de Huo, sempre relaxada e disposta á complicidade. Ó tempo, antes de subiren ó todo-terreo, ergueron a vista cara ó mosteiro, que semellaba querer-se agochar tras dunha réboa esfañada e telúrica. Soaron, ó lonxe, unhas badaladas, progresivamente máis graves, como en series de dez ou doce.

Xa polo camiño, abriron o envurullo e leron: “É inverno. Non agromarán mil rebentos nin soará a música suave da natureza logo da diapausia dos imagos. Óese o canto do galo e o ladrar dos cans. A xente avellentará e morrerá sen se visitar”.

Baixiou Andrés o vidro da porta tarseira e deixou cae-las follas do envurullo, que se espallaron, anarquicamente, polas beiras nevadas e polo camiño enlamado.

-Estou desexando chegar a Katmandú –dixo Sabela cun ton distante.

Xavier Queipo, Ringside, 1194

**LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE
2º BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA**

TODOS OS PREMIOS XERAIS

- 1984:
Carlos González Reigosa, *Crime en Compostela*
- 1985:
Lois Xosé Pereira, *As horas de cartón*
- 1986:
Xoán Bernárdez Vilar, *No ano do cometa*
- 1987:
Xosé Ramón Pena, *Para despois do adeus*
- 1988:
Francisco X. Fernández Naval, *O bosque das antas*
- 1989:
Darío Xohán Cabana, *Galván en Saor*
- 1990:
Alfonso Álvarez Cáccamo, *As baleas de Eduardo Reinoso*
- 1991:
Xosé Fernández Ferreiro, *Agosto do 36*
- 1992:
Xosé Carlos Caneiro, *O infortunio da soidade*
- 1993:
Deserto
- 1994:
Darío Xohán Cabana, *O cervo na torre*
- 1995:
Aníbal C. Malvar, *Unha noite con Carla*
- 1996:
Manuel Seixas, *A velocidade do frío*
- 1997:
Xavier Manteiga, *Manancial*
- 1998:
Xosé Miranda, *Morning Star*
- 1999:
Anxo Angueira, *Pensa nao*
- 2000:
Luís Rei Núñez, *Expediente Artieda*
- 2001:
Marilar Aleixandre, *Teoría do Caos*
- 2002:
Inma López Silva, *Concubinas*
- 2003:
Jaureguizar, *Casa Skylab*
- 2004:
Manuel Veiga, *O exiliado e a primavera*
- 2005:
Teresa Moure, *Herba moura*
- 2006:
Diego Ameixeiras, *Tres segundos de memoria*
- 2007:
Rexina Vega, *Cardume*

2008:
Manuel Lourenzo González, *O xardín das pedras flotantes*





PREMIO O BARCO DE VAPOR DE LITERATURA INFANTIL

















Desde a súa creación en 1984, conta cos seguintes gañadores ata 2003:















GAÑADORES

<u>Edición</u>	<u>Título</u>	<u>Autor</u>
1ª	<i>Das Cousas de Ramón Lamote</i>	Paco Martín
2ª	<i>Primeiro libro con Malola</i>	X.Babarro/A.M.Fernández
3ª	<i>Aventuras do Sol</i>	Alberto Avendaño
4ª	<i>O globo máxico</i>	Andrés García Vilariño
5ª	<i>Memorias dun río</i>	Antón Cortizas
6ª	<i>Barrigaverde e o dragón achis</i>	X.Babarro/A.M.Fernández
7ª	<i>O deus desaparecido</i>	Carballude/García Vilariño
8ª	<i>O conto dos sete medos</i>	Antón Cortizas
9ª	<i>Os náufragos de Malakadula</i>	Alberto Avendaño
10ª	<i>O castrón de ouro</i>	Darío Xohan Cabana
11ª	<i>O misterio do fillos da Lua</i>	Fina Casalderrey Fraga
12ª	<i>Os gritos das illas lobeiras</i>	Antón Cortizas
13ª	<i>A pirata penamoura</i>	Daniel Buján
14ª	<i>Valldemuller</i>	Xosé Antón Neira Cruz
15ª	<i>A Lenda do capitán miñoca</i>	María Dolores Ruíz Gestoso
16ª	<i>Os ollos do tangalerión</i>	Xosé Antón Neira Cruz
17ª	<i>Alén das estrelamares</i>	Juan José Lago Pereira
18ª	<i>De como o santo dos croques se fai peregrino</i>	Pepe Carballude
19ª	<i>O meu nome é Skywalker</i>	Agustín Fernández Paz



	<p>Jacobo Barros López <u>OS AUSENTES DE CASTELTÓN</u> Ed. Sotelo Blanco 2005 / NARRATIVA</p>		<p>An Alfaya <u>MATEI UN HOME</u> Ed. tresCtres editores 2005 / NARRATIVA</p>
	<p>Carlos Mella <u>LUCAS DE FISTERRA</u> Ed. Espiral Maior 2005 / NARRATIVA</p>		<p>Diego Ameixeiras <u>O CIDADÁN DO MES</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA</p>
	<p>Alfredo Conde <u>LUKUMÍ</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Fernando Cabeza Quiles <u>DOMINGO DE RESURRECCIÓN</u> Ed. Toxosoutos 2005 / NARRATIVA</p>
	<p>María Rosa Lojo <u>A FIN DA TERRA</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Luís Manteiga <u>INTRES (1934-1935)</u> Ed. Edicións do Castro 2005 / NARRATIVA</p>
	<p>Xurxo Sierra Veloso <u>LICOR DE ABELÁ CON XEO</u> Ed. Sotelo Blanco 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Xosé Antonio Perozo <u>ESPÉRAME</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA</p>
	<p>Xosé Monteagudo <u>ESTA HISTORIA</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Xosé Manuel Martínez Oca <u>COMO PAXARO CAÍDO DO NIÑO</u> Ed. Baía Edicións 2006 / NARRATIVA</p>
<p>LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE 2º BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA</p>			

	Suso de Toro <u>HOME SEN NOME</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA		Xosé Miranda <u>A BIBLIOTECA DA IGUANA</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA
	Xosé Miranda <u>HISTORIA DUN PARAUGAS</u> <u>AZUL</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA		Xosé Miranda Antonio Reigosa <u>A FLOR DA AUGA</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA
	Paco Martín <u>A BISNETA LERCHA</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA		Carlos Montero López <u>O CASO DO FERTILIZANTE DO</u> <u>GRELO</u> Ed. Edicións do Castro 2006 / NARRATIVA
	Varios autores <u>CONTOS DA BAIUCA</u> Ed. Espiral Maior 2006 / NARRATIVA		Xoán Ramón Díaz <u>CHUVIA MANSA</u> Ed. Tris Tram 2006 / NARRATIVA
	Xosé Cid Cabido <u>BLÚMSDEI</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA		Henrique Dacosta <u>OS DESHERDADOS</u> Ed. Edicións Embora 2006 / NARRATIVA
	Domingo Villar <u>OLLOS DE AUGA</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA		Manuel Rivas <u>OS LIBROS ARDEN MAL</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA
	Xosé Manuel González Reboledo <u>LENDAS GALEGAS DE</u> <u>TRADICIÓN ORAL</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA		Luis Paradelo <u>XELAMONITE</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA
	Xabier Quiroga <u>SE BUSCABAS UN DEUS</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA		Carlos G. Reigosa <u>PEPA A LOBA</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA
LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE 2º BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA			

	<p>Xerardo Neira <u>O REI DOS LOBOS</u> Ed. Toxosoutos 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Diego Ameixeiras <u>TRES SEGUNDOS DE MEMORIA</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA</p>
	<p>Samuel Solleiro <u>DZ OU O LIBRO DO ESPERMA</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Francisco Castro <u>SPAM</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA</p>
	<p>Uxía Casal <u>VIDAS EXEMPLARES</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Miguel Anxo Fernández <u>LUAR NO INFERNO</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA</p>
	<p>Xurxo Sierra Veloso <u>OS MÉRCORES DE FRA</u> Ed. Sotelo Blanco 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Manuel Veiga Taboada <u>LOIS E HELENA BUSCÁNDOSE UN DÍA DE TORMENTA</u> Ed. Galaxia 2006 / NARRATIVA</p>
	<p>Camilo Franco <u>PALABRAS CONTADAS</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Bernardino Graña <u>PROTOEVANXEO DO NETO DE HERODES</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2006 / NARRATIVA</p>
	<p>Xoán Fuentes Castro <u>O PESCADOR DE CANA</u> Ed. Toxosoutos 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Bieito Ledo Cabido <u>ACONTECERES</u> Ed. Ir Indo Edicións 2006 / NARRATIVA</p>
	<p>Paula Mariño Pazó <u>NA DERRUBA</u> Ed. Ir Indo Edicións 2006 / NARRATIVA</p>		<p>Manuel Recuero Astray <u>EXTREMUM (A FRONTEIRA)</u> Ed. Edicións do Castro 2006 / NARRATIVA</p>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES San Clemente



Plataforma educativa
da formación a distancia
www.iessanclemente.net



Xavier Queipo
DRAGONA
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA



María Reimóndez
O CLUB DA CALCETA
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2006 / NARRATIVA



Francisco Antonio Vidal
OS PECADOS CAPITAIS
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA




Alberte Momán
O ALENTO DA MUSA
Ed. Difusora de Letras, Artes e Ideas
2007 / NARRATIVA



Mariña Pérez Rei
CANÍCULA
Ed. Sotelo Blanco
2007 / NARRATIVA



Inmaculada Lopez Silva
NEW YORK, NEW YORK
Ed. Galaxia
2007 / NARRATIVA



Marina Mayoral
CASE PERFECTO
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA



Silverio Cerradelo
OS PAXAROS TAMÉN MIGRAN AO SUR
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA



Héctor Carré
DIARIO DO IMPOSTOR
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA



Teresa Moure
BENQUERIDA CATÁSTROFE
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA



Lois Diéguez
O CANTO DO MUECÍN
Ed. Edicións A NOSA TERRA
2007 / NARRATIVA



Xerardo Neira
José Ignacio Silva Regueira
Paulo Martínez Lema
GZCREA 2006 RELATO
Ed. Edicións Laiovento
2007 / NARRATIVA

LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE
2º BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES San Clemente



Plataforma educativa
da formación a distancia
www.iessanclemente.net



Miguel Anxo Murado
O SOÑO DA FEBRE
Ed. Galaxia
2007 / NARRATIVA




Xabier López López
TRINTA E DOUS DENTES
Ed. Galaxia
2007 / NARRATIVA



Paloma Calvo Varela
A VINGANZA DA MANTIS
Ed. Espiral Maior
2007 / NARRATIVA



Mario Regueira Fernández
L'AFFICHE ROUGE
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA



Fran Alonso
CEMITERIO DE ELEFANTES
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA



Antón Grande
MADIA LEVA!
Ed. Alvarellos Editora
2007 / NARRATIVA



Sechu Sende
MADE IN GALIZA
Ed. Galaxia
2007 / NARRATIVA



Alfredo Conde
MARÍA DAS BATALLAS
Ed. Galaxia
2007 / NARRATIVA



Francisco Álvarez
RATAS EN MANHATTAN
Ed. Sotelo Blanco
2007 / NARRATIVA



Manuel Pereira Valcárcel
DÍAS DO FINAL
Ed. Galaxia
2007 / NARRATIVA



Luís Rei Núñez
O SEÑOR LUGRÍS E A NEGRA SOMBRA
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA











Iolanda Zúñiga
VIDAS POST-IT
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2007 / NARRATIVA

LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE
2º BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA



	<p>Mario Franco <u>A DERRADEIRA CAMPAÑA DO CAPITÁN SAMUEL</u> Ed. Toxosoutos 2007 / NARRATIVA</p>		<p>Antía Nara <u>AQUELE LUGAR</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2007 / NARRATIVA</p>
	<p>Rexina Vega <u>CARDUME</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2007 / NARRATIVA</p>		<p>Xesús Rábade <u>MENTRES A HERBA MEDRA</u> Ed. Galaxia 2007 / NARRATIVA</p>
	<p>Xesús Manuel Marcos López <u>A LÚA DOS EVERGLADES</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2007 / NARRATIVA</p>		<p>Anxos Sumai <u>ASÍ NACEN AS BALEAS</u> Ed. Galaxia 2007 / NARRATIVA</p>
	<p>Xavier Alcalá <u>UNHA FALSA LUZ</u> Ed. Galaxia 2007 / NARRATIVA</p>		<p>Francisco Castro <u>AS PALABRAS DA NÉBOA</u> Ed. Galaxia 2007 / NARRATIVA</p>
	<p>Manuel Blanco Desar <u>NOS DOMINIOS DA INCERTEZA</u> Ed. Sotelo Blanco 2007 / NARRATIVA</p>		<p>Antón Riveiro Coello <u>OS OLLOS DE K</u> Ed. Galaxia 2007 / NARRATIVA</p>
	<p>Beatriz Martínez Millarengo <u>O DE MILLARENGO</u> Ed. Edicións do Castro 2007 / NARRATIVA</p>		<p>Chelo Suárez Muíños <u>A VENUS DE CRISTAL</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2008 / NARRATIVA</p>

	Emilio Comas Paret <u>DA VENDIMA á ZAFRA</u> Ed. Sotelo Blanco 2008 / NARRATIVA		Ramón Caride <u>O FRÍO AZUL</u> Ed. Sotelo Blanco 2008 / NARRATIVA
	X. Antón L. Dobao <u>INCERTOS</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2008 / NARRATIVA		Manuel Veiga Taboada <u>O PROFESOR DE VEGIOTA</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2008 / NARRATIVA
	Antón Risco <u>OBXECTOS ANTIGOS DE ORIXE IGNORADA</u> Ed. Galaxia 2008 / NARRATIVA		Xosé Vázquez Pintor <u>PARA DICIR ABRIL</u> Ed. Sotelo Blanco 2008 / NARRATIVA
	Xosé Carlos Caneiro <u>A VIDA NOVA DE MADAME BOVARY</u> Ed. Galaxia 2008 / NARRATIVA		Bieito Iglesias <u>PAN E COITELO</u> Ed. Galaxia 2008 / NARRATIVA
	Begoña Paz Rey <u>AS MELLORES INTENCIÓNS</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2008 / NARRATIVA		Francisco Rozados <u>RAIOLAS NO FAIADO</u> Ed. Sotelo Blanco 2008 / NARRATIVA
	Alberto Lema <u>UNHA PUTA PERCORRE EUROPA</u> Ed. Galaxia 2008 / NARRATIVA		Juan Tallón Salgado <u>A AUTOPSIA DA NOVELA</u> Ed. Duen de Bux 2007 / NARRATIVA

	Marcos S. Calveiro <u>FESTINA LENTE</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2008 / NARRATIVA		Carmen Blanco <u>ATRACCIÓN TOTAL</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2008 / NARRATIVA
	Miguel Anxo Fernández <u>TRES DISPAROS E DOUS FRIAMES</u> Ed. Galaxia 2008 / NARRATIVA		Antonio Reigosa <u>OS DOUS IRMÁNS E OUTROS CONTOS POPULARES DO ANTIGO EXIPTO</u> Ed. Edicións Morgante 2008 / NARRATIVA
	Manuel Lugo Rodríguez <u>LILIPUT</u> Ed. Baía Edicións 2008 / NARRATIVA		David Daniel Vázquez Álvarez <u>NA SOLAINA</u> Ed. Baía Edicións 2008 / NARRATIVA
	Chelo Suárez Muíños <u>OS MILAGRES DE CRISTAMAR</u> Ed. Edicións Positivas 2008 / NARRATIVA		Vítor Vaqueiro <u>OS ESPELLOS DO TEMPO</u> Ed. Galaxia 2008 / NARRATIVA
	Xurxo Sierra Veloso <u>OS NOMBES DO TRAIADOR</u> Ed. Edicións Xerais de Galicia 2008 / NARRATIVA		Xosé M. Pacho Blanco <u>A CHOIVA DO MUNDO</u> Ed. Galaxia 2008 / NARRATIVA
	Sabino Torres Ferrer <u>AS TRES COLUMNAS</u> Ed. Galaxia 2008 / NARRATIVA		Paco Yáñez <u>...DISTANCIAS...</u> Ed. Baía Edicións 2008 / NARRATIVA
LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE 2º BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA			




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES San Clemente



FONDO SOCIAL
EUROPEO

Plataforma educativa
da formación a distancia

www.iessanclemente.net




Xabier Paz
RENACER

Ed. Edicións Xerais de Galicia
2008 / NARRATIVA



Miguelanxo Prado
DE PROFUNDIS

Ed. El Patito Editorial
2008 / NARRATIVA



Camilo Gonsar
RELATOS COMPLETOS. 1961-1995

Ed. Galaxia
2008 / NARRATIVA



Gonzalo Moure
Tina Blanco
A PORTA DE MAYO

Ed. Edicións Xerais de Galicia
2008 / NARRATIVA



Quim Monzó
MIL CRETINOS

Ed. Edicións Xerais de Galicia
2008 / NARRATIVA



Manuel Lourenzo González
O XARDÍN DAS PEDRAS FLOTANTES

Ed. Edicións Xerais de Galicia
2008 / NARRATIVA



Quim Monzó
VINTE E NOVE CONTOS

Ed. Sotelo Blanco
2008 / NARRATIVA



Alejandro Tobar Salazar
CREMALLEIRAS

Ed. Tris Tram
2008 / NARRATIVA



Carlos Freire Cordeiro
ACOMPANAMENTO PARA FUGA

Ed. Biblos clube de lectores
2008 / NARRATIVA



Iria López Teijeiro
SANTA MATRIUSCA

Ed. Biblos clube de lectores
2008 / NARRATIVA




Xabier Iglesias López
DANIEL E A PORTA DO CEO

Ed. Biblos clube de lectores
2008 / NARRATIVA



Carmen Pereiras
PEQUENOS INFINITOS

Ed. Difusora de Letras, Artes e Ideas
2008 / NARRATIVA



Xurxo Borrazás
COSTA NORTE/ZFK

Ed. Galaxia
2008 / NARRATIVA



Xosé Luis Martínez Pereiro
A VERDADE COMO MAL MENOR

Ed. Galaxia
2008 / NARRATIVA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES San Clemente



Plataforma educativa
da formación a distancia
www.iessanclemente.net



Manuel Janeiro Casal
A FADA DAS LAPAS
Ed. Galaxia
2008 / NARRATIVA



Inmaculada Lopez Silva
MEMORIA DE CIDADES SEN LUZ
Ed. Galaxia
2008 / NARRATIVA



Xuan Bello
HISTORIA UNIVERSAL DE PANICEIROS
Ed. Edicións Positivas
2008 / NARRATIVA



Francisco Xosé Fernández Naval
PARA SEGUIR BAILANDO
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2009 / NARRATIVA



Patricia A. Janeiro
A PERSPECTIVA DESDE A PORTA
Ed. Edicións Positivas
2009 / NARRATIVA




Xosé Manuel Martínez Oca
O VICIO NEFANDO
Ed. Baía Edicións
2009 / NARRATIVA



Alberto Lema
SIDECAR
Ed. Galaxia
2009 / NARRATIVA



Domingo Villar
A PRAIA DOS AFOGADOS
Ed. Galaxia
2009 / NARRATIVA



Santiago Lopo
PEAXES
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2009 / NARRATIVA



María Victoria Moreno Márquez
ONDE O AIRE NON ERA BRISA
Ed. Galaxia
2009 / NARRATIVA


LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE
2º BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES San Clemente



Plataforma educativa
da formación a distancia
www.iessanclemente.net




Xesús Constela Doce
SHAKESPEARE DESTILADO
Ed. Galaxia
2008 / NARRATIVA



Jaureguizar
O GLOBO DE SHAKESPEARE
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2008 / NARRATIVA




Xosé Ramón Pena
A BATALLA DO PARAÍSO TRISTE
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2008 / NARRATIVA



Alberto Canal
CONEXIÓN TUBINGA
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2008 / NARRATIVA




Xerardo Agrafoxo
O VIOLINISTA DE MALÁ STRANA
Ed. Galaxia
2008 / NARRATIVA



Xelis de Toro
RÍO FERRO
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2009 / NARRATIVA



Daniel Lavesedo
OLLADAS ATLÁNTICAS
Ed. Luarna Ediciones
2009 / NARRATIVA



Hixinio Puentes Novo
MONBARS O EXTERMINADOR
Ed. Edicións Xerais de Galicia
2009 / NARRATIVA

LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE
2º BACHARELATO DE ADULTOS A DISTANCIA